



ORZAMENTO  
EXERCICIO  
2011

## I. INTRODUCCIÓN

### 1. O NOVO ESCENARIO ORZAMENTARIO

O orzamento que a Universidade de Vigo vai executar ao longo do exercicio 2011 estímase en 167.903.853 €, o que supón unha redución do 4,60% sobre o total do exercicio 2010 (8.096.467 € menos, en valores absolutos). O Gráfico 1, amosa a evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo no período 2005-2011.




Gráfico 1. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2005-2011.

Os orzamentos para o exercicio 2011 están condicionados pola conxuntura económica e, moi especialmente, pola recente aprobación do novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015. Tamén pola recente consecución do selo de excelencia internacional para o Campus do Mar.

Este ano está a rematar o Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (SUG) 2005-2010. Este Plan, aínda que cun financiamento global claramente insuficiente -en 2009 o investimento total representaba o 0,72% do PIB-, dotou ás universidades dun marco financeiro estable e permitiu unha planificación plurianual sen demasiadas incertezas.




Gráfico 2. Achegas da Xunta de Galicia ao SUG. Plan de Financiamento 2005-2010.

O Gráfico 2, amosa a tendencia crecente do financiamento público dende o ano 2005, cun financiamento total preto de 300 M €, ata o ano 2009, con 419 M €. Sen embargo, no último ano de vixencia do Plan, o 2010, prodúcese unha importante redución do financiamento. A excesiva dependencia das achegas da evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia, provocou que as caídas dos ingresos non financeiros, nun -2% en 2009 e un -11,28% en 2010, fixesen necesario incrementar o financiamento do SUG con achegas complementarias de 13.911.794 € en 2009 e 28.284.496 € en 2010. Aínda así, o financiamento do ano 2010 sofre unha redución do 5,73% a respecto do financiamento de 2009.

Nos primeiros meses do presente ano 2010, comeza a negociarse un novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015. O actual equipo de goberno incorpórase ás negociacións no mes de xullo e as mesmas cristalizan o pasado 10 de decembro de 2010 coa sinatura do novo Plan.

O pasado 18 de outubro, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria anunciou que as achegas para o financiamento do SUG en 2011 serían ao redor de 390 M €, o que supón unha redución do 5% respecto ás achegas de 2010, se ben hai que ter en conta a redución salarial aplicada aos traballadores públicos en 2010.

A data actual non hai ningunha proxección da contía das achegas para os seguintes anos de vixencia do Plan, máis aló do anuncio de que no conxunto dos cinco anos, serían como mínimo de 2.000 M €. Se ese fose finalmente o monto total para o conxunto do Plan, o financiamento do SUG pasaría a ser do 0,65% do PIB estimado para o período 2011-2015.

## 2. ESTRUTURA DO PLAN DE FINANCIAMENTO 2011-2015

O novo Plan estrutúrase en tres epígrafes: financiamento estrutural, financiamento por resultados e financiamento por mellora da calidade.

COMPONENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS	FERRAMENTAS	CORRESPONDENCIAS APROXIMADAS CO PLAN 2005-2010
<b>Financiamento estrutural</b>	Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG	Fondo incondicionado Sexenios Complementos retributivos Contratos-programa RAM INEF-SERGAS
	Subvención por capacidade investigadora	Non hai correspondencia
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica	Non hai correspondencia
<b>Financiamento por resultados</b>	Subvención por resultados docentes	Non hai correspondencia
	Subvención por resultados de investigación	Plan Galego de I+D+i
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica	Apoio á investigación
<b>Financiamento por mellora da calidade</b>	Subvención por mellora da calidade dos resultados universitarios	Complemento do Plan de Financiamento

Táboa 1. Estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015.

### I. FINANCIAMENTO ESTRUTURAL.

Contempla os fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais derivados do normal funcionamento do SUG. Componse das seguintes ferramentas:

a) Subvención fixa, que comprende dous fondos diferenciados:

1. Para o financiamento dos custes estruturais das tres universidades públicas de Galicia, contéplase un fondo que, no exercicio 2011, será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando aos fondos asimilados do Plan de Financiamento SUG 2005-2010. Nos exercicios 2012 a 2015 a distribución deste fondo realizarase en aplicación de novos criterios de reparto que serán fixados antes do 31 de xullo de 2011. En todo caso vincularase cada ano o equivalente do 5% do total deste fondo aos

novos criterios, de xeito que no ano 2015, un 20% deste fondo repartirase en función da aplicación dos mencionados novos criterios, sendo as cantidades restantes distribuídas en función das variables utilizadas no exercicio 2011.

2. Para o financiamento de investimentos de reparación e mellora inclúese un fondo que permanecerá inalterable durante todo o período de vixencia do Plan. No ano 2011 repartirase cos mesmos criterios utilizados no ano 2010, podendo ser modificados en exercicios futuros, previo acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades.

Así mesmo, terán consideración de subvención fixa os seguintes fondos:

- Mantemento dos Consellos Sociais das universidades galegas.
- Mantemento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Financiamento do custo dos servizos traspasados do INEF-Galicia.
- Dotación de prazas vinculadas do Servizo Galego de Saúde.

b) Subvención por capacidade investigadora. Centrarase no apoio ás universidades que desenvolvan liñas de actuación consideradas nos eixos de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014. A distribución realizarase mediante convocatorias competitivas entre as tres universidades.

c) Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica. Inclúe compensacións ás universidades polo incremento de custos en actividades universitarias derivadas de cambios normativos, así como fondos finalistas transferidos á Comunidade Autónoma por outras administracións, con indicación expresa da administración competente para o pago das mesmas.

## II. FINANCIAMENTO POR RESULTADOS

Os créditos asociados a este fondo contemplan as seguintes ferramentas:

1. Subvención por resultados. Distribuirase en función de contratos programa individualizados que se acordarán con cada unha das universidades asinantes. No período de vixencia do Plan asinaranse dous contratos programa con cada unha das universidades, o primeiro deles comprenderá os anos 2011-2012 e o segundo estará vixente nos anos 2013-2015.

Nestes instrumentos de reparto recollerase a situación de partida e estableceranse os obxectivos de mellora de cada universidade para cada unha das seguintes áreas de acción: adaptación ás necesidades sociais, docencia, investigación, transferencia de coñecemento, proxección internacional, responsabilidade social, xestión, Campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. As medicións dos resultados realizaranse aplicando indicadores asociados a cada unha das áreas.



Para os anos 2011-2012 este fondo será repartido en funcións de criterios baseados no número de estudantes matriculados (incorporando un factor de corrección para eliminar desviacións nas transferencias por este concepto) e nos ingresos medios por proxectos competitivos nos últimos tres anos, en relación ao PDI de cada universidade.

Nos anos 2013-2015 a asignación dos créditos correspondentes a este fondo determinarase pola aplicación dos indicadores das áreas de acción, calculados en base aos datos proporcionados polas universidades en cada exercicio.

O importe deste fondo nos anos de vixencia dos segundos contratos programa será, como mínimo, o equivalente ao 10% do total dos créditos destinados ao financiamento das universidades do SUG.

Durante a vixencia do presente Plan, a Subvención por Resultados evolucionará consonte ao índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.

2. Subvención por resultados de investigación. Contémplanse neste fondo os créditos necesarios para o desenvolvemento das liñas de acción establecidas no Plan Galego de I+D+i, polas que se trata de promover a captación e o desenvolvemento de recursos humanos, definindo unha carreira científica que posibilite a formación e consolidación de investigadores nas universidades galegas.

Os créditos asociados a este fondo distribuiranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva.

A Subvención por Resultados de Investigación evolucionará, durante a vixencia deste Plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.

c) Subvención por Resultados de Transferencia de Coñecemento. A finalidade desta subvención é ordenar e potenciar os recursos e capacidades de investigación do SUG mediante o apoio a dous eixos estratéxicos fundamentais: a consolidación dos grupos de investigación e o desenvolvemento dun sistema integral de apoio á investigación nas universidades galegas.

A distribución dos créditos correspondentes a este fondo, levarase a cabo mediante convocatorias en réxime de competencia competitiva.

A Subvención por Resultados de Transferencia do Coñecemento evolucionará, durante a vixencia deste Plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.

### III. FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE

Recollerá actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas.

No ano 2011 este fondo será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando ao Fondo Incondicionado do Plan de Financiamento do SUG 2005-2010. Nos exercicios 2012 a 2015 o reparto deste fondo vincularase ao cumprimento por parte das universidades dos compromisos incluídos nos planos de sustentabilidade que as universidades terán que presentar diante da administración autonómica. En todo caso, primaranse criterios de eficiencia e eficacia na xestión económico-financeira, na propia planificación académica das universidades públicas, e as medidas que permitan compartir recursos entre as tres universidades galegas.

Así mesmo, formarán parte do Financiamento por Mellora da Calidade os recursos proporcionados ás universidades galegas a través de distintas consellerías, entidades e organismos dependentes da Comunidade Autónoma, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

### EVOLUCIÓN DOS FONDOS

Durante o período de vixencia do presente Plan a contía total dos fondos contemplados no mesmo para cada ano evolucionará de acordo co conxunto dos recursos que integran o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Táboa 2, resume as cantidades que para 2011 se recollen nas diferentes partidas do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Nótese que só as partidas que aparecen sombreadas son obxecto de reparto a priori entre as tres universidades do sistema, pois a restantes repártense, case todas elas, por concorrencia competitiva.

## PLAN DE FINANCIAMENTO 2011-2015

<b>FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL</b>		308.159.461	
<b>Subvención fixa SUG (444.0)</b>	290.056.637	<b>290.056.637</b>	
Axencia para a calidade do SUG (444.2)	1.200.000	1.200.000	
<b>Consellos Sociais (444.6)</b>	600.000	600.000	
Subvención por capacidade investigadora (444.7)	565.122	565.122	Convocatorias competitivas
S.X. Deportes (INEF)	2.945.254	2.945.254	
SESGAS (prazas vinculadas)	6.645.926	6.645.926	
<b>Subvención fixa SUG (RAM) (744.0)</b>		5.048.502	
<b>Custos inducidos...</b>		1.098.020	
<b>FINANCIAMENTO POR RESULTADOS</b>		<b>64.228.248</b>	
<b>Subvención por resultados docentes (444.9)</b>	9.082.875	9.082.875	
Subvención por resultados de investigación (444.0)	19.421.444	19.421.444	Convocatorias competitivas
<b>Subvención por resultados docentes (744.0)</b>	9.923.065	9.923.065	
Subvención por resultados de investigación (744.0)	18.590.551	18.590.551	Convocatorias competitivas
Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica (744.3 e 744.4)	7.210.313	7.210.313	Convocatorias competitivas
<b>FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE</b>		<b>18.000.000</b>	Plan de sustentabilidade e programas vinculados a i+d+i
<b>Mellora da calidade dos resultados universitarios</b>	18.000.000		
<b>TOTAL FINANCIAMENTO (PLAN)</b>		<b>343.400.279</b>	
Máis:			
Subvención por capacidade investigadora (444.7)	565.122	565.122	Convocatorias competitivas
Subvención por resultados de investigación (444.0)	19.421.444	19.421.444	Convocatorias competitivas
Subvención por resultados de investigación (744.0)	18.590.551	18.590.551	Convocatorias competitivas
Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica (744.3 e 744.4)	7.210.313	7.210.313	Convocatorias competitivas
Axencia para a calidade do SUG (444.2)	1.200.000	1.200.000	Transferencia directa ACSUG
<b>TOTAL FINANCIAMENTO XUNTA</b>		<b>390.387.709</b>	

Táboa 2. Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Achegas 2011.

Con esta dotación orzamentaria, o reparto que propón a Secretaria Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia entre as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia é o que se amosa na Táboa 3.



## PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015

### ORZAMENTO 2011

	UDC	%	UVIGO	%	USC	%	TOTAL
<b>FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL</b>							<b>307.357.811,00</b>
Subvención Fixa SUG (444,0)	78.285.726,59	26,99	88.016.278,26	30,34	123.754.632,15	42,67	290.056.637,00
Subvención Fixa SUG (744,0)	1.448.439,00	28,69	1.628.743,00	32,26	1.971.320,00	39,05	5.048.502,00
Axencia para a Calidade do SUG (444,2+I+D)	transferencia directa a ACSUG		transferencia directa a ACSUG		transferencia directa a ACSUG		1.200.000,00
Consellos Sociais (444,6)	200.000,00	33,33	200.000,00	33,33	200.000,00	33,33	600.000,00
SX.Deportes (I.N.E.F)	2.945.254,00	100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.945.254,00
SER GAS (prazas vinculadas)			66.459	1,00%	5.339.337	80,34%	6.645.926,00
Subvención por capacidade investigadora (444,7)	convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		565.122,00
Subv. Compens.custos inducidos pola normativa estatal e autonóm. (744,2)	315.021,94	28,69	354.221,25	32,26	428.776,81	39,05	1.098.020,00
<b>FINANCIAMENTO POR RESULTADOS</b>							<b>56.029.898,00</b>
Suvb. por resultados docentes	5.131.603,80	27,00	6.366.989,90	33,50	7.507.346,30	39,50	19.005.940,00
Suvb. por resultados de investigación	convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		38.011.995,00
Subv. por resultados de transferencia tecnolóxica	convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		convocatorias competitivas		7.210.313,00
<b>FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE</b>							<b>18.000.000,00</b>
Mellora da calidade dos resultados universitarios	4.699.800,00	26,11	5.419.800,00	30,11	7.880.400,00	43,78	18.000.000,00
Achegas convenios,contratos... consellerías,entidades.. Xunta de Galicia	sen determinar		sen determinar		sen determinar		sen determinar
<b>TOTAL PLAN DE FINANCIAMENTO</b>	<b>94.265.951</b>	<b>27,45</b>	<b>102.052.395</b>	<b>29,72</b>	<b>147.081.931</b>	<b>42,83</b>	<b>390.387.709,00</b>

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

**Táboa 3. Reparto das achegas do Plan de Financiamento en 2011 entre as tres universidades do SUG. Proposta da Secretaría Xeral de Universidades (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).**

### 3. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

As liñas básicas de actuación reflicten, en termos xerais, as apostas deste equipo de goberno e a continuidade co traballo e os obxectivos desenvolvidos nos derradeiros anos, se ben asumindo o novo contexto financeiro, e dando entrada á posta en marcha de novas iniciativas e, particularmente, ao Campus do Mar. Estas liñas son as seguintes:

#### I. COMPROMISOS SALARIAIS DE PDI E PAS

A aposta polo valor do noso capital humano, en persoal docente e investigador e en persoal de administración e servizos, continúa a ser a principal nota característica. O que ten máis valor se cabe, nun contexto económico tan desfavorable e restritivo como o actual.

O orzamento 2011 recolle no seu Capítulo I de gastos de persoal un importe de 94.823.000 €, cun descenso do 4,54% verbo do exercicio 2010.

A contía é resultado, por unha banda, da redución salarial aplicada aos traballadores públicos, non contemplada nos orzamentos de 2010 e, pola outra, da aposta pola competitividade da Institución, co mantemento dos programas de promoción do profesorado e de contratación de persoal investigador, reforzando as nosas capacidades, así como polo aumento da calidade do servizo, coa consolidación dos procesos de selección de prazas de persoal de administración e servizos.

As liñas xerais de acción con respecto ao PAS, tanto funcionario como laboral, basearanse na negociación da adecuación da Relación de Postos de Traballo (RPT) ás necesidades actuais da institución, sendo tres os eixos principais dos cambios: A modernización da administración universitaria, o reto que supón o Espazo Europeo de Educación Superior e o desenvolvemento das estratexias internas de descentralización e desconcentración da xestión e da prestación de servizos.

A prórroga, por un ano, do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, supón unha marxe de tempo suficiente para a negociación dos compromisos pendentes. Nomeadamente, o xa referido compromiso de negociación dunha RPT, adicional cuarta do Convenio, así como a adicional novena referente ao desenvolvemento dun plan de promoción interna.

Dentro das liñas xerais que atinxen ao PAS está a negociación e acordo dun plan de funcionarización do PAS laboral que, dende unha perspectiva realista, acade un alto grado de consenso e cun horizonte temporal asumible desde o punto de vista da capacidade de xestión do propio proceso.

A Universidade de Vigo debe continuar co desenvolvemento do plan de formación para o PAS, ampliando o número de cursos e facilitando a asistencia aos mesmos. Ademais da organización de accións formativas propias, facilitarase a asistencia a cursos externos nas áreas de maior especialización. No deseño do plan de formación, debe mellorarse o proceso de recollida de suxestións do persoal mediante o uso da web da Universidade.

Verbo do PDI, as liñas xerais de actuación en ámbito salarial son tres: O programa especial de promoción para doutores acreditados, a potenciación dos programas de consolidación de investigadores e o desenvolvemento do II Convenio Colectivo do PDI Laboral na mesa de negociación no Sistema Universitario Galego. As dúas primeiras liñas coméntanse posteriormente.

Todos os acordos que se acaden con PAS e PDI deberán axustar a concreción e os prazos á situación económico-financeira da Universidade de Vigo, para respectar a súa viabilidade presente e futura.

## II. PROGRAMAS DE PROMOCIÓN PARA DOUTORES

No ámbito do PDI, os retos para a universidade veñen en gran parte derivados da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior e do novo marco legal fixado pola Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril, de Reforma da LOU. O escenario tamén ten en conta a influencia das novas políticas de I+D nos ámbitos europeo, español e galego. Estas políticas inclúen programas de incorporación de investigadores/as, con opcións de consolidación nalgúns casos, e que utilizan ás universidades como organismos receptores.

Considérase unha liña básica a financiar no orzamento de 2011 a continuidade nos compromisos de estabilización e promoción profesional do PDI previstos no Regulamento de Profesorado, no Convenio colectivo para o PDI laboral e nos programas especiais de promoción e de consolidación de cadros de profesorado en áreas e campus. Con estes programas de promoción a Universidade de Vigo aposta pola excelencia académica, atraendo aos mellores currícula investigadores e premiando o esforzo do persoal actual.

En particular, o programa especial de promoción para doutores acreditados, como profesores titulares de universidade ou como contratados doutores. Con este programa continúaase coa convocatoria de profesorado con vinculación permanente, a partir dunha selección previa dos mellores currículos de doutores acreditados. Esta acción supón un gran aliciente para atraer cara á Universidade de Vigo aos mellores candidatos/as nas convocatorias Parga Pondal e Ramón y Cajal.

## III. PLAN DE DESGRAVACIÓNS POR ACTIVIDADES DOCENTES E DE INVESTIGACIÓN

No orzamento de 2011 continúaase co plan de desgravacións docentes. O obxectivo é dar apoio

académico ás liñas estratéxicas que o Equipo de Goberno considera de maior relevancia. As actividades de carácter docente, de investigación, de transferencia de coñecemento e de xestión que poden ter desgravacións de carga docente en POD son as seguintes:

- a) As actividades derivadas do apoio a programas oficiais de grao e posgrao e doutoramento, aos programas de intercambio de estudantes e de prácticas, e ás de dirección de proxectos fin de carreira e de traballos fin de grao.
- b) As asignadas por actividades de I+D e de Transferencia de Coñecemento como apoio aos grupos de referencia da Universidade de Vigo, aos responsables de proxectos europeos do VII Programa Marco, Cenit e Consolider, as desgravacións por investigación ou transferencia recoñecida en forma de sexenios e I3 e as desgravacións por dirección de teses de doutoramento e teses de licenciatura.
- c) As desgravacións asignadas por actividades directivas e cargos de xestión e representación.

#### IV. COMPROMISO COA INTERNACIONALIZACIÓN

Convencidos de que o futuro pasa, a medio e longo prazo, pola captación de estudantes estranxeiros, sobre todo de posgrao, a aposta pola internacionalización reflíctese no esforzo por manter as bolsas e os programas de axudas e por mellorar a dotación de recursos estruturais da Oficina de Relacións Internacionais. Os obxectivos teñen que ser máis globais que os xa tradicionais espazos Europeo e Latinoamericano de educación superior.

Na actual conxuntura económica, sen embargo, o primeiro reto ten que ser a captación de recursos externos, a través de proxectos institucionais, que permitan desenvolver accións acaídas para a axeitada proxección internacional da nosa universidade.

#### V. CAMPUS DO MAR

A recente consecución do recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional para a iniciativa do Campus do Mar supón un salto cualitativo das capacidades e da proxección da Universidade de Vigo. Os vindeiros anos serán os da posta en marcha do programa previsto, coa execución das obras e o lanzamento dos proxectos docentes e investigadores que contempla o proxecto.

O orzamento da Universidade de Vigo inclúe as achegas en forma de préstamo do goberno estatal no recoñecemento de Campus de Excelencia, por unha contía de 5.300.000 €, e as achegas do programa Innocampus, por un valor de 1.700.000 €.

As partidas de gasto son xenéricas, posto que debe ser o órgano de goberno do propio Campus do Mar, coa participación das distintas institucións que o integran, o que aprobe a aplicación concreta dos fondos, segundo o proxecto presentado.

## VI. PLAN DE ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR, INCLUÍNDO GRAO E POSGRAO

Compre dar continuidade ao Plan de Adaptación o EEES, posto en marcha no ano 2009. Este Plan recolle actuacións específicas para a incorporación de novas metodoloxías docentes, así como a culminación da adaptación dos espazos físicos docentes.

Así mesmo, dentro do Plan de renovación informática e modernización da xestión académica, as adquisicións de novas aplicacións están a acompañar este proceso de adaptación e a facilitar o tránsito cara á implantación de titulacións de grao e de posgrao.

Por outra banda, a Área de Apoio á Docencia e Calidade comezará a implantar o proceso de seguimento das titulacións de grao e mestrado, xunto co desenvolvemento do programa Docencia de avaliación do profesorado.

## VII. COMPROMISOS APROBADOS NO PLAN DE I+D+i

No ano 2008 aprobouse o plan de I+D+i da Universidade de Vigo, definindo diferentes programas de apoio á investigación e asumindo a creación de programas de incorporación, formación e promoción de investigadores. A liña básica será a continuación do plan, mantendo os tres programas:

- a) De incorporación de investigadores, procedentes das convocatorias públicas.
- b) De formación de investigadores, co programa xeral de formación para doutoramento e co programa propio de formación para doutorandos en áreas con dificultade para a contratación de doutores.
- c) De promoción de investigadores, cos programas xa mencionados na liña xeral de políticas salariais do PDI.

## VIII. CAPTACIÓN DE ESTUDANTES

A adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior está a supoñer un grande esforzo da comunidade universitaria. A aparición de novas titulacións de grao e de mestrado, algunhas pouco coñecidas pola súa novidade, esixe un esforzo adicional na achega de información aos futuros estudantes. Débese considerar unha liña básica a transmisión de información de toda a oferta formativa, particularmente en tres ámbitos:

- a) A Educación Secundaria, cara á elección e posterior inscrición nos títulos de grao da Universidade de Vigo.
- b) Os estudantes universitarios actuais e aos egresados/as, cara aos títulos de posgrao.
- c) Os mercados profesionais das novas titulacións, para poñer en valor as capacidades das titulacións cara á súa empregabilidade.

## IX. INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS

Continúase en 2011 con esta liña de actuación, tanto no que atinxe á edificación como ao equipamento científico. Nunha situación de enormes dificultades orzamentarias, como a actual, estas actuacións só son posibles polo éxito acadado no pasado pola Institución nas convocatorias de financiamento de módulos e equipamentos centralizados de fondos FEDER, anticipos MEC, Parques Científico-Tecnolóxicos, Innplanta, Innocampus ou Campus de Excelencia Internacional, que permitiron obter recursos para abordar agora estas iniciativas. As actuacións previstas máis salientables son as seguintes:

- Finalización do novo CACTI.
- Posta en funcionamento do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI).
- Construción do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO).
- Elaboración do proxecto construtivo para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC), á espera de ter éxito na captación de recursos externos, nomeadamente fondos FEDER, para iniciar no propio 2011 a súa construción.
- Finalización do Pavillón de Embarcacións ECIMAT.

## X. INFRAESTRUTURAS DOCENTES E DE SERVIZOS

Nun contexto de redución orzamentaria severa como o que vivimos, as prioridades neste epígrafe teñen que ser as partidas dedicadas a Reformas e Mantemento. Sen embargo, aínda que as posibilidades de obra nova son menores, é preciso dar continuidade aos compromisos adquiridos. Así pois, as actuacións previstas para 2011, son as seguintes:

- Posta en funcionamento da Escola Infantil do Campus de Pontevedra.
- Posta en funcionamento da Escola Infantil do Campus de Ourense.
- Inicio da construción da Escola Infantil do Campus de Vigo, unha vez que se superen definitivamente os trámites burocráticos e urbanísticos.
- Finalización das actuacións de urbanización no Campus de Pontevedra.
- Traballos de preparación e posicionamento para o inicio das obras do Edificio das Artes no Campus de Pontevedra, unha vez superados os trámites urbanísticos.
- Proxecto de ampliación da Escola de Fisioterapia no Campus de Pontevedra.
- Traballos de preparación e posicionamento para o inicio das obras do Edificio Administrativo no Campus de Ourense.



- Inicio das obras para o Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade, no Campus de Ourense.
- Proxecto de acondicionamento do antigo Edificio da ONCE como futura residencia universitaria no Campus de Pontevedra.
- Ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.

## XI. PLAN DE RENOVACIÓN INFORMÁTICA

Continuará a implementación do Plan Operativo de Xestión, cun horizonte temporal previsto ata 2012. Dentro deste plan, a renovación informática é unha das liñas básicas, na procura da optimización na prestación de servizos universitarios de modo dixital.

Entre as novidades deste exercicio, en 2011 debe estar plenamente operativo o Datawarehouse, sistema de información para a xestión estratéxica para o que se están a definir o alcance funcional e o deseño dos indicadores. Tamén se prevé a extensión do programa a outras áreas de xestión da Institución.

É tamén obxectivo completar a implementación da Aplicación de Xestión Académica, tentando superar os déficits de funcionamento detectados e avanzando cara a unha meirande autonomía na súa xestión.

Por último, impulsar a implementación completa da Aplicación de Xestión da Investigación e da Produción Científica, así como o desenvolvemento dun novo sistema de xestión económica de carácter integral que incorpore a esixencia do Ministerio de Educación, que se concretará en 2011, de dispoñer dun sistema de contabilidade analítica.

## XII. COMPROMISO CO PLAN DE CALIDADE DOCENTE

Dentro da aplicación do plan de calidade, vaise manter o apoio ao plan de calidade docente en centros e departamentos. Para esta finalidade resérvase no orzamento un importe de 371.200 € e 296.000 € respectivamente, cun total previsto de 667.200 €.

Por outra banda, a continuidade do programa Docentia, xa mencionado neste documento, permite o contraste e avaliación no desenvolvemento da actividade docente, así como a incorporación da innovación educativa á docencia.

## XIII. RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)

A RSC estase a converter nun modelo estándar na xestión das organizacións que permite valorar o comportamento de cada entidade coa súa contorna, na procura dun beneficio social.

A Universidade de Vigo ven mantendo nas súas liñas básicas de actuación compromisos con políticas de RSC, e malia á difícil conxuntura económica, agárdase ampliar e consolidar as realizadas ata a data. Salientamos, en particular, os compromisos coas bolsas de estudantes, coas políticas de acción social, coa igualdade e a conciliación da vida laboral e familiar, e tamén coa sostibilidade.

No compromiso coas bolsas de estudantes, a Universidade de Vigo manterá as dotacións a pesares das restricións financeiras, dado que, se ben agora a propia Institución recibe unha menor achega de fondos, o contexto económico dificulta o acceso aos estudos con moita maior intensidade do que ata agora. Por esta causa as bolsas de estudantes teñen neste exercicio unha dotación orzamentaria de 2.214.899 (-2,4% respecto a 2010).

No compromiso coa acción social para persoal da Universidade de Vigo, a intención é a de manter tamén as dotacións, procurando fórmulas para poñer os recursos ao dispor daqueles que máis os precisen. O conxunto 162 do orzamento, de gastos sociais do persoal, ten un importe de 781.500 € neste exercicio, cun aumento do 2,53% verbo do anterior, a pesar da redución do 4,54% no conxunto do Capítulo I.

No compromiso coa igualdade, é intención para o ano 2011 a aprobación e desenvolvemento do Plan de Igualdade, unha vez realizado en 2010 o diagnóstico de situación. A coordinación de actividades e formación pola área de igualdade e os novos proxectos de investigación Cátedra de Estudos Feministas completan a aposta para o vindeiro ano.

Na conciliación da vida laboral e familiar, as escolas infantís que comezarán a súa andaina en 2011 únense ao Campus Camp e ás políticas de xornada reducida.

No compromiso coa sostibilidade, o uso da enerxía e o tratamento do medio ambiente nos campus marcan as prioridades. Neste sentido, vaise continuar financiando tanto o Plan Suma, como o Programa Campus Terrae en Ourense e o Programa Campus Vedra en Pontevedra, así como a Oficina de Medio Ambiente (OMA), como catalizadores das iniciativas de sostibilidade e medioambientais.

Considérase tamén que durante 2011 deberase comezar a formalizar con estándares de RSC o conxunto de prácticas da Institución, de xeito que ao remate do exercicio sexa posible presentar unha Memoria de RSC da Universidade de Vigo.

#### XIV. EXTENSIÓN UNIVERSITARIA: ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

É intención manter as actividades de extensión xa consolidadas, ampliando a oferta a novas posibilidades. Para realizar isto nunha situación de especial restrición orzamentaria a liña básica de actuación é a de procurar convenios e acordos con outras entidades e institucións, que permitan optimizar os recursos conxuntos e ofrecer máis servizos. Para isto, a oferta cultural manterá os programas nos campus, engadindo agora os ciclos de cinema científico en parceria coa Casa das Ciencias da Coruña.

Na oferta deportiva, o camiño é ampliar o número de convenios de colaboración con entidades como o R.C.Celta (Escola de Adestradores, cesión recíproca de instalacións, etc..).

No asociacionismo a intención é potenciar as novas asociacións de recente creación e recensar a listaxe de asociacións en activo, promovendo campañas de asociacionismo entre o estudiantado. Asemade, no voluntariado tentarase aumentar o número de voluntarios activos mediante a creación de novos programas propios (patrimonio, lingüístico, informático), a sinatura de convenios con organizacións e ONG e a información directa a todo o alumnado.

Verbo do programa de maiores, tentarase duplicar o número de persoas que estudan neste programa mediante convenios e información coas concellarías de Benestar Social dos concellos circundantes aos campus, aumentando no posible a oferta formativa para os nosos *senior*.

Por último, o programa Coñecer os Campus vai tentar difundir na sociedade os valores dos campus: escultóricos, pictóricos, arquitectónicos, paisaxísticos, botánicos, zoolóxicos, arqueolóxicos, deportivos, etc... Para isto elaboraranse informes completos de carácter multidisciplinar que se presentarán á cidadanía, para que os campus se convertan en parques de coñecemento das cidades. De xeito particular, está previsto que no Campus de Vigo comece na primavera de 2011 a primeira campaña de escavacións arqueolóxicas no poboado do Bronce do Monte das Cabanas e na necrópole megalítica do Monte das Pedreiras, realizado con persoal voluntario e especialistas da propia Institución.

## **II. ORZAMENTO DE INGRESOS**

### **1. EVOLUCIÓN XERAL**

O importe global do orzamento de ingresos para este exercicio é o resultado de varios factores, como se ten anticipado na introdución. O primeiro deles é, como consecuencia da conxuntura económica, a redución das achegas públicas. Como se observa no Gráfico 3, co Plan de Financiamento do SUG 2005-2010, o financiamento non competitivo que recibiu a Universidade de Vigo creceu a taxas importantes ata o ano 2009, ao redor do 9% de incremento anual nos tres primeiros anos e por riba do 5% no cuarto ano. Porén, en 2010 prodúcese unha caída de preto do 6% respecto das achegas recibidas en 2009. Co novo Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 está previsto que as achegas que non dependen da concorrència competitiva que percibirá a Universidade de Vigo no ano 2011 sufrirán unha redución do 2,24% en relación a 2010.




Gráfico 1. Achegas dos Plans de Financiamento á Universidade de Vigo. 2005-2011.

Por outra banda, o bo facer da Institución nos últimos anos e a capacidade de responder ás expectativas da sociedade permite aumentar os ingresos previstos, de forma singular ao lograr o recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional para o proxecto Campus do Mar, complementado posteriormente co éxito na convocatoria Innocampus do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O orzamento de ingresos por capítulos para 2011 e a súa comparación relativa coas magnitudes equivalentes de 2010 aparecen recollidas na Táboa 4. Por outra banda, a distribución porcentual do ingreso por capítulos recóllese no Gráfico 4.

Capítulos	2010	2011	Variación €	Variación %
Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.833.018	15.494.000	-339.018	-2,14%
Capítulo IV. Transferencias correntes	98.549.919	104.773.702	6.223.783	6,32%
Capítulo V. Ingresos Patrimoniais	535.000	282.000	-253.000	-47,29%
<b>Ingresos Correntes</b>	<b>114.917.937</b>	<b>120.549.702</b>	<b>5.631.765</b>	<b>4,90%</b>
Capítulo VII. Transferencias de Capital	39.458.798	25.820.764	-13.638.034	-34,56%
Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros	21.623.585	15.271.575	-6.352.010	-29,38%
Capítulo IX. Variación de Pasivos Financeiros	0	6.261.812	6.261.812	
<b>Ingresos de Capital</b>	<b>61.082.383</b>	<b>47.354.151</b>	<b>-13.728.232</b>	<b>-22,47%</b>
<b>Total Ingresos:</b>	<b>176.000.320</b>	<b>167.903.853</b>	<b>-8.096.467</b>	<b>-4,60%</b>

Táboa 4. Análise do orzamento de ingresos 2011. Comparación co exercicio 2010




Gráfico 4. Composición do Ingreso por Capítulos.

Como aparece reflectido na Táboa 4, prodúcese unha caída de 8,1 millóns de euros no total de ingresos consignados para 2011, o que representa un descenso relativo do -4,6 % sobre os ingresos computados no exercicio anterior.

Despois de comentados os ingresos procedentes da Xunta de Galicia e do Campus do Mar, por ser os máis relevante o primeiro e pola novidade do segundo, a seguir pásanse a analizar o conxunto das compoñentes de ingreso por capítulos.

No que se refire aos ingresos correntes, estes experimentan un crecemento de 5,6 millóns de euros, o que supón unha taxa de incremento do 4,90% % respecto do exercicio anterior. A súa evolución está moi ligada a nova estrutura do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Pola contra, e polas mesmas razóns, os ingresos de capital experimentan unha minoración de 13,7 millóns de euros, o que representa unha caída porcentual do -22,47%.

Verbo dos ingresos correntes, e comezando polo Capítulo III de taxas, prezos públicos e outros ingresos, o máis salientable é o éxito de matrícula no curso 2010-11 no conxunto da nosa oferta académica. Sen embargo, dado que non é doado estimar o impacto económico, posto que moitos estudantes cambian de plan de estudos para incorporarse aos novos graos, o principio de prudencia valorativa aconsella facer unha estimación de ingresos moderada neste capítulo, contándose cun descenso do 2,1% verbo do ano 2010.

No Capítulo IV de transferencias correntes, o incremento con respecto ao exercicio 2010 ven motivado pola diferente estrutura do novo Plan de Financiamento, xa comentada, que concentra maioritariamente as achegas neste capítulo en detrimento do Capítulo VII de transferencias de capital.

Se engadimos ao anterior a expectativa de redución do Capítulo V de ingresos patrimoniais, o conxunto dos ingresos correntes incrementáanse no 4,90% comentado, como resultado fundamental do novo Plan de Financiamento.

Verbo dos ingresos de capital, o Capítulo VII de transferencias de capital sofre unha importante minoración (-34.56%), consecuencia da estrutura do novo Plan de Financiamento explicada anteriormente.

O Capítulo VIII de variación de activos financeiros, sofre outra importante redución (-29,38%) respecto do exercicio de 2010, consecuencia da menor dispoñibilidade de remanentes, tanto de libre disposición como afectados. Dentro dos 15,3 millóns de euros orzados inclúense como partidas máis salientables os remanentes de libre disposición para o exercicio de 2010 que non foron aplicados no transcurso do ano (4,4M€) e os créditos nas partidas de obras que deben pasar ao exercicio 2011 por non ter sido executadas no 2010 (4,9M€).

Os ingresos de capital complétanse co Capítulo IX de variación de pasivos financeiros, no que se inclúen os fondos acadados na convocatoria de Campus de Excelencia Internacional polo proxecto Campus do Mar (5,3M€), que se suman aos ingresos obtidos a través de prestamos para parques científico-



tecnolóxicos (0,96M€) no exercicio 2010, pero que serán ingresados no exercicio 2011. Todo isto suma unha cantidade total de 6,26 millóns de euros. Estas achegas compensan, xunto co maior financiamento no Plan dos ingresos correntes, a redución dos ingresos de capital, que sofren no seu conxunto a redución do 22,47%.

## 2. CRITERIOS DE PREVISIÓN

Realízase unha previsión de ingresos para 2011 empregando criterios prudentes e realistas. O seu resultado por capítulos, conceptos e subconceptos figura resumido na Táboa 5.

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos en cada capítulo foron os seguintes:

**Capítulo III–Prezos públicos**– inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2011-2012, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 15.494.000 €, o que implica unha minoración do -2,14% sobre os ingresos consignados no orzamento de 2010.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: neste concepto figuran 90.000 euros como estimación dos ingresos a obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria, o que supón unha minoración con respecto a cantidade orzada no exercicio 2010.

<b>Previsión dos Ingresos para o Exercicio 2011</b>			
<b>Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>			
<b>31</b>		<b>Prezos Públicos</b>	<b>14.790.000,00</b>
	310	Dereitos de matrícula en cursos e seminarios	90.000,00
	311	Cotas de instalacións deportivas	160.000,00
	313	Dereitos de matrícula e servizos académicos	14.540.000,00
<b>32</b>		<b>Outros ingresos procedentes</b>	<b>700.000,00</b>
	327	Servizos prestados por actividades investigadoras	350.000,00
	328	Dereitos de Custes indirectos	350.000,00
<b>33</b>		<b>Venda de bens</b>	<b>4.000,00</b>
	330	Venda de publicacións propias	4.000,00
<b>Total Capítulo III.</b>			<b>15.494.000,00</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>			

<b>40</b>		<b>Da Administración do Estado</b>	<b>4.892.975,00</b>
	400	<i>De Ministerios</i>	4.892.975,00
<b>41</b>		<b>De Organismos Autónomos Administrativos</b>	<b>287.000,00</b>
	410	De Organismos Autónomos Administrativos	287.000,00
<b>45</b>		<b>Da Comunidade Autónoma</b>	<b>98.412.617,00</b>
	450	<i>Da Xunta</i>	98.412.617,00
	450.00	Financiamento Estrutural	88.216.280,00
	450.01	Financiamento por Resultados	6.366.990,00
	450.03	Prazas vinculadas e persoal de investigación	3.754.847,00
	450.09	Outras subvencións	74.500,00
<b>46</b>		<b>De corporacións locais</b>	<b>271.200,00</b>
	460	De Concellos	55.000,00
	461	De Deputacións	216.200,00
<b>47</b>		<b>De empresas privadas</b>	<b>862.570,00</b>
	470	<b>De empresas privadas</b>	<b>862.570,00</b>
<b>48</b>		<b>De familias e institucións sen ánimo de lucro</b>	<b>47.340,00</b>
	481	De familias e institucións sen ánimo de lucro	47.340,00
<b>Total Capítulo IV</b>			<b>104.773.702,00</b>
<b>Capítulo V. Ingresos Patrimoniais</b>			
<b>52</b>		<b>Intereses de depósitos</b>	<b>270.000,00</b>
	520	Intereses contas bancarias	270.000,00
<b>54</b>		<b>Rendas de bens inmobles</b>	<b>20.555,00</b>
	540	Alugueiros de locais	20.555,00
<b>55</b>		<b>Produtos de concesións administrativas</b>	<b>12.000,00</b>
	550	Produtos de concesións administrativas	12.000,00
<b>Total Capítulo V</b>			<b>282.000,00</b>
<b>Capítulo VII. Transferencias de Capital</b>			
<b>70</b>		<b>Da Administración do Estado</b>	<b>6.700.000,00</b>
	700	De Ministerios	6.700.000,00
<b>75</b>		<b>Da CC.AA.</b>	<b>15.288.764,00</b>
	750	De la Xunta	15.288.764,00
	750.00	Financiamento Estrutural	1.982.964,00
	750.01	Fondo de Calidade	5.419.800,00
	750.02	Proxectos de investigación	7.000.000,00
	750.03	Infraestrutura de investigación	886.000,00
<b>76</b>		<b>De corporacións Locais</b>	<b>80.000,00</b>
	761	De Deputacións	80.000,00
<b>77</b>		<b>De empresas privadas</b>	<b>3.752.000,00</b>
	770	Doutras empresas privadas	152.000,00
	771	Contratos investigación	3.600.000,00
<b>Total Capítulo VII</b>			<b>25.820.764,00</b>
<b>Total Operacións Non Financeiras</b>			<b>146.370.466,00</b>
<b>Capítulo VIII. Variación de Activos Financeiros</b>			
<b>87</b>		<b>Remanente de tesourería</b>	<b>15.271.575,00</b>
	870	Remanente de tesourería	15.271.575,00

<b>Total Capítulo VIII</b>			<b>15.271.575,00</b>
<b>Capítulo IX. Variación de Pasivos Financieros</b>			
<b>91</b>		<b>Pasivos financieros</b>	<b>6.261.812,00</b>
	911	Préstamos e anticipos reintegrables	6.261.812,00
<b>Total Capítulo IX</b>			<b>6.261.812,00</b>
<b>Total Operacións Financeiras</b>			<b>21.533.387,00</b>
<b>TOTAL</b>			<b>167.903.853,00</b>

Táboa 5. Análise do orzamentos de ingresos por capítulos, conceptos e subconceptos

Concepto 311: neste concepto figuran 160.000 euros como estimación dos ingresos a obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas. Isto implica un incremento dos recursos que temos previsto obter con respecto a cantidade orzada no exercicio 2010.

Concepto 313: neste concepto a previsión que se fai é de 14.540.000 €, o que supón en boa medida manter constante a previsión dos ingresos respecto do consignado no exercicio de 2010. Nesta partida impúntanse os ingresos por matrícula dos títulos oficiais da Universidade, incluídos os ingresos polos dereitos de matrícula nas titulacións propias.

Tratase dunha previsión prudente e realista baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación realizada ata o momento no exercicio 2010.

Concepto 327: este concepto inclúe unha estimación conservadora dos ingresos estimados por custos indirectos pola prestación de servizos asociados as actividades investigadoras, así como a previsión de facturación do CACTI, da ECIMAT e do CITI.

Concepto 328: o importe consignado neste concepto inclúe o 10% dos custos indirectos da facturación por contratos con empresas privadas que se xestionan a través do servizo de apoio á investigación. Realízase tamén unha previsión conservadora, seguindo o principio de prudencia valorativa.

Concepto 330: neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias.

**Capítulo IV –Transferencias correntes–** Neste capítulo compúntanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Estado central e os seus Ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas.

En conxunto, constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume incrementase nun 6,32% (6,22M€), produto das modificacións introducidas no Plan de Financiamento do SUG.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas de investigadores contratados cos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva, así coma os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D e técnicos en infraestruturas. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente partida de gasto do Capítulo I.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia, axustándose as mesmas ao establecido no Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Distribúense do seguinte xeito:

Subconcepto 450.00: Fondo Estrutural. Esta partida atende a cobertura dos custes fixos da Universidade. Inclúe 200.000€ para o sostemento do Consello Social da Universidade.

Subconcepto 450.01: Financiamento por Resultados. Cóntase con que esta partida incrementa a súa contía inicial a partires do 2013, ao tratarse dun fondo competitivo que retribuirá os resultados docentes, de investigación e de transferencia de coñecemento da Universidade.

Subconcepto 450.03: Prazas vinculadas e persoal de investigación. Este subconcepto incorpora as transferencias da Xunta de Galicia para financiar o programa dos investigadores Parga Pondal, María Barbeito, Ángeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto. Ademais, incorpora transferencias para as denominadas “prazas vinculadas” docentes que exercen no Servizo Galego de Saúde.

Por outra banda no subconcepto 450.09: Outros ingresos, incorpóranse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso, fundamentalmente relacionadas con convenios específicos asociados ao desenvolvemento da oferta formativa dos posgraos profesionalizantes.

Conceptos 460 e 461: compútanse nestas epígrafes os ingresos por convenios co Concello de Pontevedra e coas Deputacións de Ourense e Pontevedra, que achegarán 55.000, 151.200 e 55.000 euros respectivamente para colaborar en diferentes actividades da Universidade.

Concepto 470: neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Destacan entre outras as achegas de Nova Caixa Galicia e da Cámara de Comercio para o desenvolvemento do título propio de Deseño Téxtil e Moda, as achegas de Nova Caixa Galicia e

Banco Santander no Proxecto Campus do Mar e as achegas do Banco de Santander para diferentes programas e actividades da Universidade.

Concepto 481: inclúe as achegas do ISEP para o desenvolvemento da actividade da ORI dentro do seu subprograma específico.

**Capítulo V –Ingresos patrimoniais–** Contén xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesourería. Este ano, dado que se espera dispor de menor tesourería, a previsión de ingresos por este concepto é de 270.000 €, un 47% menor á do exercicio anterior.

**Capítulo VII –Transferencias de capital–** A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen, por orden de importancia, a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por achegas incluídas dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2011-2015 e por contratos con institucións e empresas.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: neste concepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Central do Estado (MEC, MMA, etc...), así coma os custos indirectos a eles asociados. O principal aspecto salientable é a continuidade e mellora do nivel de éxito acadado en exercicios anteriores. Polo demais, a repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto, xa que son ingresos afectados aos gastos e figurarán despois polo mesmo importe no programa 131H da Vicerreitoría de Investigación.

Concepto 750: neste concepto compútanse as previsións de ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no Plan de Financiamento do SUG coma as previsión de recursos a obter nas diversas convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da Universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 750.00: Financiamento Estrutural. É un dos apartados do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, acadando a contía de 1,98M€.

Subconcepto 750.01: Fondo de Calidade, e outro dos apartados do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, tendo neste exercicio a contía de 5,42M€.

Subconcepto 750.02: Proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas

convocatorias da Administración Autonómica. O importe mantense a liña acadada en exercicios anteriores.

Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación, neste subconcepto inclúese a contribución da Xunta de Galicia para o abono de préstamos reintegrables concedidos polo Ministerio de Educación.

Concepto 761: compútanse neste epígrafe parte dos ingresos en convenio coa Deputación de Ourense, que achegará 80.000 euros para colaborar en diferentes actividades do eido da investigación, coordinadas dende a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Coñecemento do Campus de Ourense.

Concepto 771: Contratos de investigación: Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe –3.600.00 euros– supón un decaemento de 400.0000 € sobre o consignado no pasado exercicio.

**Capítulo VIII - Variación de activos financeiros-** Este capítulo de ingresos, no único concepto 870 “Remanente de Tesourería” inclúe como partidas mais salientables os remanentes de libre disposición para o exercicio de 2010 que non foron aplicados no transcurso do ano (4,4M€), a primeira devolución da reclamación do IVE (2,7M€), os créditos nas partidas de obras que deben pasar o exercicio 2011 por non ser executadas no 2010 (4,9M€), os ingresos acadados a través de préstamos para parques científico-tecnolóxicos (0,6M €) no exercicio 2010 e os ingresos acadados a través da convocatoria Innocampus 2010 para o desenvolvemento do Campus Dixital no Complexo da ETEA dentro do proxecto Campus do Mar (1,7M€).

**Capítulo IX - Variación de pasivos financeiros-** Este capítulo de ingresos, no único concepto 911 “Préstamos e anticipos reintegrables” inclúe os fondos acadados na convocatoria de Campus de Excelencia Internacional polo proxecto Campus do Mar (5,3M€) que se suman aos ingresos acadados a través de préstamos para parques científico-tecnolóxicos (0,96M€) no exercicio 2010, pero que se recadarán no exercicio 2011.

Este é o detalle das previsións empregadas no cómputo de ingresos para 2011. En conxunto, a Universidade de Vigo vai xestionar no vindeiro exercicio un total de 167.903.853 euros, un -4,6 % menos que os ingresos consignados no exercicio precedente.



## III. ORZAMENTO DE GASTOS

### 1. EVOLUCIÓN XERAL

Verbo do orzamento de gastos, a Táboa 6 recolle a súa evolución verbo do exercicio 2010.

Capítulos	2010	2011	Variación €	Variación %
Capítulo I. Gastos de persoal	99.336.400	94.823.000	-4.513.400	-4,54%
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos	28.496.842	24.581.036	-3.915.807	-13,74%
Capítulo III. Gastos financeiros	73.003	50.000	-23.003	-31,51%
Capítulo IV. Transferencias correntes	6.844.045	7.155.659	311.614	4,55%
Capítulo V. Fondo de Continxencia	500.000	600.000	100.000	20,00%
<b>Gastos Correntes</b>	<b>135.250.290</b>	<b>127.209.695</b>	<b>-8.040.596</b>	<b>-5,94%</b>
Capítulo VI. Investimentos reais	38.123.029	38.214.158	91.129	0,24%
Capítulo VIII. Activos financeiros	90.001	50.000	-40.001	-44,45%
Capítulo IX . Pasivos financeiros	2.537.000	2.430.000	-107.000	0,00%
<b>Gastos de Capital</b>	<b>40.750.030</b>	<b>40.694.158</b>	<b>-55.872</b>	<b>-0,14%</b>
<b>Total Gastos:</b>	<b>176.000.320</b>	<b>167.903.853</b>	<b>-8.096.468</b>	<b>-4,60%</b>

Táboa 6. Análise do orzamento de gastos 2011. Comparación co exercicio 2010

En canto a súa evolución por capítulos con respecto aos gastos do orzamento de 2010, podemos destacar os seguintes feitos:

O capítulo I, de gastos de persoal, supón a principal fonte de gasto, cun importe de 94.823.000 €. Isto reduce nun 4,54% o gasto de persoal do exercicio 2010, como consecuencia do recorte salarial aos empregados públicos. Por outra banda, recolle o resultado do mantemento de todos os compromisos adquiridos.

A efectos comparativos, o impacto do Capítulo I no total do orzamento de gastos da Universidade de Vigo segue a ser inferior ao que ten nas outras universidades do SUG.

O Capítulo II experimenta un descenso do 13,74%, pasando a 24.581.036 €, produto dun importante axuste que se realiza nos gastos correntes, tentando compensar a rebaixa do gasto cunha maior eficiencia. Destacar o forte recorte dalgunhas partidas significativas, como é o caso da partida destinada a Publicidade e Propaganda (-44,27%) e da destinada a Estudos e Traballos Técnicos (-29,17%). O descenso do gasto Publicidade e Propagando téntase compensar cunha maior proxección social das actividades da Institución.

No que toca a Traballos Técnicos, o esforzo centrase na substitución de asistencias técnicas por unha maior prestación propia. Outra das medidas a aplicar é, se é o caso, da centralización de compras e subministracións, cando os estudos internos determinen unha mellora nos prezos de compra.

O capítulo III de gastos financeiros contempla un descenso ata un importe previsto de 50.000 €, tentando optimizar a xestión de tesourería.

O capítulo IV, de transferencias correntes, estímase en 7.160.659 €, incrementando o valor do exercicio anterior (incremento dun 4,55%). O crecemento é produto da incorporación ao orzamento das bolsas de formación do persoal investigador, que continúan a súa tendencia ascendente, mantendo a Universidade a intención de participar naqueles programas que aporten capacidade competitiva aos grupos de investigación.

Entre as principais compoñentes deste capítulo están as bolsas para estudantes, cunha contía prevista de 2.214.899 €, que se mantén en cifras próximas ás do exercicio anterior. A outra compoñente relevante do capítulo, bolsas de intercambio co exterior, permanece tamén inalterada verbo de 2010, cun importe de 2.268.960 €, favorecendo o compromiso de internacionalización da Institución. Así pois, malia á desfavorable conxuntura económica e, daquela, á importante redución en tódolos capítulos de gasto, mantense, sen embargo, o esforzo neste capítulo.

O Capítulo VI de investimentos reais presenta un importe similar ao do exercicio precedente, motivado por dúas causas: por unha banda, polo mantemento dos compromisos nas infraestruturas en curso e, pola outra e como novidade, polas achegas asociadas ao investimento no Campus do Mar, procedentes do Campus de Excelencia e do Innocampus, así coma do programa Innplanta e da execución en 2011 do proxecto Címbio, para o que se dispuña de financiamento FEDER obtido en exercicios anteriores. A consecución do Campus do Mar abre a intención prevista de ligar, por regra xeral, a creación de novas infraestruturas á obtención de financiamento ligado a finalidades específicas, como é o caso.

Por último, o capítulo VIII, de activos financeiros mantén a súa presenza, e o capítulo IX, de pasivos financeiros, recolle a devolución de préstamos a longo prazo do sector público por importe de 2.430.000€.

O Gráfico 5 recolle a distribución do total do gasto por capítulos




Gráfico 2. Composición do Gasto por Capítulos.

Na Táboa 7 podemos observar outro indicador da situación financeira que presenta a Universidade de Vigo. Obtense comparando os saldos das operacións correntes e de capital, que serán en todo caso de igual contía pero de signo contrario.

Capítulos Ingreso	2011	2011	Capítulos Gasto
Capitulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.494.000	94.823.000	Capítulo I. Gastos de persoal
Capítulo IV. Transferencias correntes	104.773.702	24.581.036	Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos
Capitulo V. Ingresos Patrimoniais	282.000	50.000	Capítulo III. Gastos financeiros
		7.155.659	Capítulo IV. Transferencias correntes
		600.000	Capítulo V. Fondo de Continxencia
<b>Operacións Correntes</b>	120.551.713	127.211.706	<b>Operacións Correntes</b>
<b>Saldo Corrente 2011</b>	<b>-6.659.993</b>		<b>Saldo Corrente 2011</b>
Capitulo VII. Transferencias de Capital	25.820.764	38.214.158	Capítulo VI. Investimentos reais
Capitulo VIII. Variación de Activos Financeiros	15.271.575	50.000	Capítulo VIII. Activos financeiros
Capitulo IX. Variación de Pasivos Financeiros	6.261.812	2.430.000	Capítulo IX . Pasivos financeiros
<b>Operacións de Capital</b>	47.354.151	40.694.158	<b>Operacións de Capital</b>
<b>Saldo Capital 2011</b>	<b>6.659.993</b>		<b>Saldo Capital 2011</b>

Táboa 7. Análise dos saldos correntes e de capital 2011. Comparación co exercicio 2010

Neste exercicio 2011, o resultado é un saldo de operacións correntes negativo por importe de 6,7M€ (20,3M€ no exercicio 2010), o que indica que o ingreso corrente, pese o seu incremento polo troco da estrutura do plan de financiamento da Xunta o SUG, segue sen ser insuficiente para financiar o gasto corrente pese aos importantes esforzos que a Universidade está a facer na súa minoración e/ou contención.

## 2. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMAS

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a orgánica.

No referido á Estrutura Funcional mantense a clasificación establecida no anterior orzamento:

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

Cada programa funcional poderá desenvolverse mediante subprogramas segundo as necesidades de xestión de cada centro de gasto.

A evolución cuantitativa dos programas apreciase no seguinte cadro:

### **Análise por programas do exercicio 2011, comparación co 2010**

Programas	2010	2011	Variación €	Variación %
111L. Docencia	7.884.839	7.554.737	-330.102	-4,19%
121D. Apoio o Alumnado e a Docencia	4.758.236	4.123.112	-635.125	-13,35%
131H. Fomento e Desenvolvemento da Investigación	27.192.679	33.286.701	6.094.022	22,41%
141B. Dotación Fondos Bibliográficos	2.609.500	2.495.500	-114.000	-4,37%
211E. Extensión Universitaria	2.195.935	1.727.050	-468.885	-21,35%
311V. Dotación e Mantemento Infraestruturas	23.988.357	17.729.283	-6.259.074	-26,09%
421S. Goberno e Administración da Universidade	107.370.774	100.987.470	-6.383.304	-5,95%
<b>Total orzamento</b>	<b>176.000.320</b>	<b>167.903.853</b>	<b>-8.096.468</b>	<b>-4,60%</b>

En xeral, pódese falar de descensos en todos os programas de gasto, agás no programa 131H “Fomento e Desenvolvemento da Investigación”. Neste programa, ademais do esforzo na institución por manter esta liña de traballo, engádense os investimentos ligados ao proxecto do Campus do Mar.

A Estrutura Orgánica muda fundamentalmente como produto da reorganización do equipo de goberno, quedando como segue:

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
0000	Reitoría/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00VT	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
BUV1	Biblioteca Universitaria
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
OUVI	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
LLXX	Departamentos

Atendendo á clasificación funcional e programas, pasamos a continuación a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, atendendo a súa desagregación en función da clasificación orgánica adoptada.

## I. Docencia.

O programa de Centros inclúe, ademais dos 4,81 millóns de euros para o sostemento dos Centros (partidas cunha minoración media do 10% con respecto ao 2010), as dotacións correspondentes aos Programas Oficiais de Posgrao, cunha dotación total de máis de 1,77 millóns de euros, e as dotacións dos Títulos Propios, 0,49 millóns de euros, que se executarán en subprogramas diferenciados para cada POP e Título Propio.

Neste programa incorpóranse a maiores os importes destinados a:

- a) Os referidos a “Calidade Docente dos Centros” (371.200€). Esta é unha partida de libre concorrencia por criterios de calidade docente. A distribución realízase coa mesma fórmula temporal que se empregou para a produción científica, é dicir, a principios do ano, de acordo cos indicadores de calidade estimados para os dous anos anteriores. Daquela, neste exercicio de 2011, a dotación do subconcepto 280.02 será asignada aos centros nos dous primeiros meses do exercicio, de acordo cos indicadores estimados para 2009. A responsabilidade desta distribución correspóndelle á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- b) Este programa tamén recolle unha previsión orzamentaria por valor de 108.000€ no subconcepto 228.02, a xestionar pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, para a axuda a posta en marcha de novos títulos de mestrado, que será transferida á partida de cada titulación unha vez estas propostas de planos de estudos sexan definitivamente autorizadas polo “Consello de Universidades” e pola Xunta de Galicia.

### Orgánica: Centros - Funcional: 111L

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>20</b>			<b>Arrendamentos</b>			<b>1.668</b>
	202		De edificios e outras construcións		1.668	
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>997.052</b>
	212		De edificios e outras construcións		470.377	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		458.917	
	215		De mobiliario e equipamento		67.758	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>5.655.610</b>
	220		Material de oficina		334.236	
	221		Subministracións		2.787.872	
		221.01	De servizos administrativos	2.353.644		
		221.02	De docencia	434.228		
	222		Comunicacións		71.886	
	223		Transportes		6.800	
	226		Gastos diversos		189.012	
		226.01	Atencións protocolarias	121.426		



	226.02	Publicidade e propaganda	64.336	
	226.09	Cotas de organismos	1.850	
	226.99	Outros gastos	1.400	
227		Traballos realizados por outras empresas		138.444
	227.06	Estudos e traballos técnicos	9.000	
	227.09	Outros	129.444	
228		Cursos e conferencias		1.971.121
	228.02	Conferencias	1.971.121	
229		Extensión universitaria		156.239
	229.03	Delegacións de alumnado	59.040	
	229.04	Prácticas de campo	82.199	
	229.07	Outras actividades	15.000	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>93.592</b>
230		Axudas de custo e locomoción		93.592
	230.01	Administración	93.592	
<b>28</b>		<b>Plan de Calidade Docente</b>		<b>371.200</b>
280		Producción docente		371.200
	280.02	Calidade Docente nos Centros	371.200	
<b>Total capítulo II</b>				<b>7.119.122</b>
<hr/>				
Cap. IV. Transferencias correntes				
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>42.479</b>
482		Bolsas estudantes		42.479
	482.05	Bolsas de informática centros-PC	4.800	
	482.25	Bolsas axudas aos estudos	6.000	
	482.30	Bolsas mobilidade	5.679	
	482.99	Outras bolsas para estudantes	26.000	
<b>Total capítulo VI</b>				<b>42.479</b>
<hr/>				
Cap. VI. Investimentos reais				
<b>62</b>		<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>393.136</b>
625		Mobiliario e equipamento		393.136
<b>Total capítulo VI</b>				<b>393.136</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>7.554.737</b>

## II. Apoio ao alumnado e á docencia.

Este programa mantén e reforza as liñas de traballo adoptadas pola Universidade nos anteriores exercicios, e desagregase en dúas orgánicas:

- a) Reitoría/Xerencia que manifesta o esforzo da Universidade en manter as bolsas de comedor, de residencia, de transporte e de integración de discapacitados.
- b) Oficina de Relacións Internacionais, que traslada o incremento da aposta pola internacionalización da Universidade.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 121D</b>						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			Material, subministración e outros			<b>9.000</b>
	229		<b>Extensión Universitaria</b>		9.000	
		229.04	Prácticas de campo	9.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>9.000</b>
			Cap. IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>734.150</b>
	482		Bolsas estudantes		504.150	
		482.01	Comedor	228.150		
		482.15	Residencias	95.000		
		482.30	Bolsas mobilidade	105.000		
		482.32	Mobilidade Séneca	60.000		
		482.99	Outras Bolsas estudantes	16.000		
	484		Outras subvencións e transferencias		230.000	
		484.02	Subvención de transporte	190.000		
		484.06	Integración de discapacitados	18.000		
		484.07	Excelencia Académica	22.000		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>734.150</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>743.150</b>

<b>Orgánica: ORI1 - Oficina de Relacións Internacionais - Funcional: 121D</b>						
Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>776.952</b>
	220		Material de oficina		4.500	
	226		Gastos diversos		747.452	
		226.01	Atencións protocolarias	3.750		
		226.02	Publicidade e propaganda	7.000		
		226.09	Cotas organismos	11.000		
		226.99	Gastos diversos	725.702		
	228		Cursos e conferencias		5.000	
		228.01	Cursos	5.000		
	229		Outras actividades		20.000	

	229.07	Outras actividades	20.000		
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>15.000</b>
	230	Axudas de custo e locomoción		15.000	
	230.01	Administración	15.000		
<b>Total capítulo II</b>					<b>791.952</b>
<hr/>					
		Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>316.050</b>
	482	Bolsas estudantes		234.900	
	482.99	Outras bolsas estudantes	234.900		
	484	Outras subvencións e transferencias		81.150	
	484.09	Bolsas TS docentes/PAS	81.150		
<b>49</b>		<b>O exterior</b>			<b>2.268.960</b>
	492	Bolsas de intercambio		2.268.960	
<b>Total capítulo IV</b>					<b>2.585.010</b>
<hr/>					
		Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>		<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>			<b>3.000</b>
	625	Mobiliario e equipamento		3.000	
<b>Total capítulo VI</b>					<b>3.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>					<b>3.379.962</b>

Esta última orgánica desenvolve a súa actividade a través dos seguintes subprogramas: Erasmus, ISEP, Jean Monnet, Tempus, Cooperación Universitaria, Opencast Matterhorn, MUTW Project e do subprograma aberto e permanente.

## III. Fomento e desenvolvemento da investigación.

É o único programa de gasto que experimenta un crecemento neste exercicio orzamentario, polas causas comentadas anteriormente.

A xestión desde proxecto fai preciso manter e ampliar o subprograma CEX-Campus de Excelencia, que adopta a seguinte configuración, integrando nel as distintas achegas obtidas.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 131-CEX</b>						
<b>Campus do Mar, Campus de Excelencia Internacional</b>						
Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>80.000</b>
	220		Material de oficina		4.000	
	226		Gastos diversos		13.000	
		226.01	Atencións protocolarias	5.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	2.000		
		226.99	Gastos diversos	6.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		55.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	20.000		
		227.09	Outros	35.000		
	228		Cursos e conferencias		8.000	
		228.02	Conferencias	8.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>40.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		40.000	
		230.01	Administración	40.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>120.000</b>
			Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asociados ao funcionamento serv.</b>			<b>7.000.000</b>
	622		Edificios e construcións		5.300.000	
	623		Maquinaria e equipamento		1.700.000	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>7.000.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>7.120.000</b>

Por outra banda, a nova configuración do equipo de goberno, atendendo ás novas demandas da Universidade, fai que as diferentes orgánicas que se integran baixo este programa sexan as seguintes:

- ooVI. Vicerreitoría de Investigación
- ooVT. Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento
- OUVI. Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense
- CAT1. CACTI
- EMT1. Est. Ciencias Mariñas Toralla
- Dept. Departamentos

Na orgánica ooVI Vicerreitoría de Investigación, mantéñense as principais liñas relacionadas coa investigación na Universidade, e en particular coa formación de doutores, facendo un importante esforzo en manter as axudas destinadas a formación de investigadores, no relativo a bolsas de terceiro ciclo/posgrao e axudas predoutorais. Así mesmo, mantéñense, aínda que reducidas, as partidas para o fomento da mobilidade de investigadores e as axudas a equipos de investigación, formulándose co espírito de fomentar a formación dos novos investigadores e incentivar a internacionalización da actividade investigadora dos grupos e o fortalecemento destes mediante os agrupamentos.

## Orgánica: 00VI Vicerreitoría de Investigación - Funcional 131H

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>500</b>
	215		Mobiliario e equipamento		500	
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>34.500</b>
	220		Material de oficina		10.000	
	226		Gastos diversos		11.500	
		226.01	Atencións protocolarias	3.500		
		226.99	Gastos diversos	8.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		10.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	10.000		
	228		Cursos e conferencias		3.000	
		228.02	Conferencias	3.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>177.450</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		177.450	
		230.01	Administración	9.450		
		230.02	Teses doutoramento	168.000		
<b>27</b>			<b>Publicacións</b>			<b>12.000</b>
	270		Edicións e publicacións		12.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>224.450</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen lucro</b>			<b>1.123.000</b>
	481		Bolsas formación invest. e profesorado		620.000	
		481.01	Bolsas de viaxe	60.000		
		481.02	Bolsas estadías	60.000		
		481.03	Bolsas estadías FPI	500.000		
	482		Bolsas estudantes		500.000	
		482.02	Bolsas Terceiro Ciclo/Posgrao	500.000		
	484		Outras subvención e transferencias		3.000	
		484.04	Subvencións actividades desenvolvemento	3.000		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>1.123.000</b>
			Capítulo VI. Investimentos reais			
<b>62</b>			<b>Investimentos asoc. Ao funcionamento servizos</b>			<b>2.000</b>
	625		Mobiliario e equipamento		2.000	
<b>64</b>			<b>Gastos investimento carácter inmaterial</b>			<b>15.140.000</b>
	641		Axuda xeral investigación		1.440.000	
		641.02	Axudas equipos investigación	780.000		
		641.03	Axudas formación de investigadores/as	610.000		

	641.05	Reunións científicas	50.000	
	644	Prog. inv. MEC		2.900.000
	645	Prog. inv. XUNTA		7.000.000
	646	Prog. inv. cofinanciados MCT		3.800.000
<b>Total capítulo VI</b>				<b>15.142.000</b>
Capítulo IX. Variación pasivos financ.				
<b>91</b>		<b>Prestamos recibidos</b>		<b>2.430.000</b>
	911	Amortización préstamos a longo prazo	2.430.000	
<b>Total capítulo IX</b>				<b>2.430.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>18.919.450</b>

Na orgánica 00VT Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento, residen as liñas referidas á xestión e potenciación da transferencia do coñecemento.

## Orgánica: 00VT Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento Funcional 131H

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>500</b>
	215		Mobiliario e equipamento		500	
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>22.500</b>
	220		Material de oficina		4.000	
	226		Gastos diversos		5.500	
		226.01	Atencións protocolarias	3.500		
		226.99	Gastos diversos	2.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		10.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	10.000		
	228		Cursos e conferencias		3.000	
		228.02	Conferencias	3.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>9.450</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		9.450	
		230.01	Administración	9.450		
<b>27</b>			<b>Publicacións</b>			<b>48.000</b>
	270		Edicións e publicacións		48.000	
<b>Total capítulo II</b>						<b>80.450</b>
Capítulo VI. Inversións reais						
<b>62</b>			<b>Investimentos asoc. Ao funcionamento servizos</b>			<b>2.000</b>
	625		Mobiliario e equipamento		2.000	
<b>64</b>			<b>Gastos investimento carácter inmaterial</b>			<b>3.971.000</b>
	641		Axuda xeral investigación		155.000	
		641.06	Axudas transferencia resultados investigación	90.000		
		641.07	Axudas a produción tecnolóxica dos departamentos	65.000		
	647		Prog. inv. outros organismos		216.000	
	648		Contratos de investigación		3.600.000	
<b>Total capítulo VI</b>						<b>3.973.000</b>

TOTAL CRÉDITOS

4.053.450

Na orgánica OUVI Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense teñen cabida as liñas referidas ao impulso da investigación e á transferencia no Campus de Ourense, o cal vai moi ligado ao desenvolvemento e ao impulso do CITI.

**Orgánica: OUVI. Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense Funcional 131H**

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>75.000</b>
	212		De edificios e outras construcións		40.000	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		35.000	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>112.900</b>
	220		Material de oficina		1.500	
	221		Subministración		100.000	
		221.01	De servizos administrativos	100.000		
	226		Gastos diversos		1.400	
		226.01	Atencións protocolarias	1.400		
	227		Traballos realizados por outras empresas		10.000	
		227.09	Outros	10.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>1.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		1.000	
		230.01	Administración	1.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>188.900</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institución sen fins de lucro</b>			<b>15.000</b>
	482		Bolsas estudantes		15.000	
		482.08	Bolsas apoio centros de investigación	15.000		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>15.000</b>
			Capítulo VI. Investimentos reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>			<b>60.000</b>
	625		Mobiliario e equipamento		60.000	
<b>64</b>			<b>Gastos investimento carácter inmaterial</b>			<b>80.000</b>
	647		Prog. inv. outros organismos		80.000	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>140.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>343.900</b>

O orzamento do CACTI mantén unha liña de continuidade cos exercicios anteriores, consolidándose as necesidades de mantemento e renovación da capacidade científica do centro.

**Orgánica: CAT1. CACTI - Funcional: 131H**

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>300.000</b>
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		300.000	

<b>22</b>		<b>Material, subministración e outros</b>		<b>423.500</b>
	220	Material de oficina		12.000
	221	Subministracións		400.000
	221.01	De servizos administrativos	400.000	
	226	Gastos diversos		700
	226.01	Atencións protocolarias	700	
	227	Traballos realizados outras empresas		10.800
	227.06	Estudos e traballos técnicos	10.800	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>6.300</b>
	230	Axudas de custo e locomoción		6.300
	230.01	Administración	6.300	
<b>Total capítulo II</b>				<b>729.800</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes				
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>48.000</b>
	482	Bolsas estudantes		48.000
	482.08	Bolsas apoio centros investigación	48.000	
<b>Total capítulo IV</b>				<b>48.000</b>
Capítulo VI. Inversións reais				
<b>62</b>		<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>80.000</b>
	625	Mobiliario e equipamento		80.000
<b>Total capítulo VI</b>				<b>80.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>857.800</b>

O orzamento da ECIMAT, tras os importantes investimentos realizados nos exercicios anteriores, entra nunha liña de consolidación e mantemento da actividade ligada ao traballo dos grupos de investigación.

## Orgánica: EMT1 Est. Ciencias Mariñas Toralla - Funcional: 131H

Art.º	Cto.	Subct.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e serv.						
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>38.500</b>
	212		De edificios e construcións		4.000	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		34.500	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>122.700</b>
	220		Material de oficina		2.000	
	221		Subministracións		80.000	
	221.01		De servizos administrativos	80.000		
	226		Gastos diversos		20.700	
	226.01		Atencións protocolarias	700		
	226.99		Outros gastos	20.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		20.000	
	227.06		Estudos e traballos técnicos	20.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>700</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		700	
	230.01		Administración	700		
<b>Total capítulo II</b>						<b>161.900</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes						



<b>48</b>	<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>18.000</b>
482	Bolsas estudantes		18.000
482.08	Bolsas apoio centros investigación	18.000	
<b>Total capítulo VI</b>			<b>18.000</b>
Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>	<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>7.000</b>
625	Mobiliario e equipamento		7.000
<b>Total capítulo VI</b>			<b>7.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>186.900</b>

O programa dos Departamentos inclúe, ademais dos 322,7 mil euros para o sostemento dos Departamentos (partidas cunha minoración media do 10% con respecto ao 2010), os importes destinados a:

- Os referidos aos “Desprazamentos docentes”, ou axudas de custo intercampus, que repartiranse en función da docencia de cada trimestre, por valor de 36.000€.
- Os referidos á “Producción Docente dos Departamentos” (296.000€), que repartiranse seguindo os indicadores de calidade calculados pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- Os referidos ao “Terceiro Ciclo” (265.000€), que repartiranse seguindo os criterios establecidos na Comisión de Terceiro Ciclo.
- Os referidos á “Producción Científica dos Departamentos” (885.000€), que repartiranse segundo os resultados de investigación calculados pola Vicerreitoría de Investigación. Neste ano repartiranse no primeiro bimestre os resultados da produción científica correspondente ao exercicio 2008.

**Orgánica: Dept Departamentos - Funcional: 131H**

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>259.318</b>
	220		Material de oficina		113.704	
	222		Comunicacións		2.342	
	223		Transportes		470	
	226		Gastos diversos		80.620	
		226.01	Atencións protocolarias	75.102		
		226.99	Outros gastos	5.518		
	227		Traballos realizados por outras empresas		2.000	

	227,09	Outros	2.000	
	228	Cursos e conferencias		60.182
	228.02	Conferencias	60.182	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servicios</b>		<b>76.344</b>
	230	Axudas de custo e locomoción		76.344
	230.05	Consellos de departamentos	38.285	
	230.06	Desprazamentos docentes	38.059	
<b>28</b>		<b>Plan de Calidade Docente</b>		<b>296.000</b>
	280	Producción docente		296.000
	280.01	Producción docente dos departamentos	296.000	
<b>Total capítulo II</b>				<b>631.662</b>
<b>Cap. VI. Investimentos reais</b>				
<b>62</b>		<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>23.039</b>
	625	Mobiliario e equipamento		23.039
<b>64</b>		<b>Gastos de investimento de carácter inmaterial</b>		<b>1.150.500</b>
	641	Axuda xeral a investigación		1.150.500
	641.00	Terceiro Ciclo/Posgrao	265.000	
	641.01	Gastos de investigación dos departamentos	885.500	
<b>Total capítulo VI</b>				<b>1.173.539</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>1.805.201</b>

## IV. Dotación de fondos bibliográficos.

O orzamento do programa Biblioteca Universitaria para o ano 2011 baséase nun esforzo de contención do gasto con respecto aos créditos de 2010. Como trazos principais da súa orientación, o orzamento intenta garantir o mantemento da biblioteca dixital (é dicir, das revistas electrónicas e bases de datos) e niveis de gasto máis axustados en adquisicións bibliográficas en soporte tanxible. Neste sentido, ampliase a dotación de fondos para o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia en 30.000 euros.

### Orgánica: BUV1 - Funcional: 141B

Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo II. Gatos correntes bens e servizos						
<b>20</b>			<b>Arrendamentos</b>			<b>5.000</b>
	209		Licencias		5.000	
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>40.000</b>
	212		De edificios e outras construcións		40.000	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>393.500</b>
	220		Material de oficina		30.000	
	221		Subministracións		342.000	
		221.01	De servizos administrativos	135.000		
		221.23	Medios bibliográficos dixitais	207.000		
	222		Comunicacións		1.500	
	226		Gastos diversos		4.000	
		226.09	Cotas organismos	4.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		16.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	13.000		
		227.09	Outros	3.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>2.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		2.000	
		230.01	Administración	2.000		
<b>Total capítulo II</b>						<b>440.500</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes						
<b>44</b>			<b>A sociad. Mercant. est. entid. sen lucro, etc.</b>			<b>1.070.000</b>
	444		Convenios con entidades públicas		1.070.000	
<b>Total capítulo IV</b>						<b>1.070.000</b>
Capítulo VI. Investimentos reais						
<b>62</b>			<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>			<b>985.000</b>
	625		Mobiliario e equipamento		35.000	
	628		O.I.M. Biblioteca		950.000	
		628.02	Fondos bibliográficos	950.000		
<b>Total capítulo VI</b>						<b>985.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>2.495.500</b>

## V. Extensión universitaria

Culminado o proceso de descentralización, o obxectivo deste programa é consolidar a actividade cultural e deportiva nos tres campus, respectando a singularidade de cada un. Mantendo esta liña, a elaboración deste orzamento -necesariamente restritivo- fixo necesario incidir en políticas de axuste que por outra banda permitan manter a oferta cultural e deportiva da Universidade.

Este programa desagregase en tres orgánicas:

- a) ooEU Vicerreitoría de Extensión Universitaria. Esta orgánica desenvólvese a través de tres subprogramas: actividade física e deportiva, actividades culturais e solidariedade e incorpora o subprograma de maiores.
- b) OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense, que tamén desenvolve a súa actividade a través de subprogramas, concretamente: actividade física e deportiva, actividades culturais e solidariedade.
- c) PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, que coma a anterior desenvolve a súa actividade a través de dous subprogramas: actividade física e deportiva, actividades culturais e solidariedade.

<b>Orgánica: 00EU. Vicerreitoría de Extensión Universitaria - Funcional: 211 E</b>						
Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>778.900</b>
	220		Material de oficina		9.000	
	223		Transporte		20.000	
	226		Gastos diversos		2.400	
		226.01	Atencións protocolarias	2.400		
	227		Traballos realizados por outras empresas		102.000	
		227.09	Outros	102.000		
	228		Cursos e conferencias		223.500	
		228.00	Obradoiros	112.500		
		228.02	Conferencias	111.000		
	229		Extensión Universitaria		422.000	
		229.01	Actividades culturais	196.000		
		229.02	Actividades dos equipos deportivos	187.200		
		229.07	Outras actividades	10.000		
		229.10	Voluntariado	28.800		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>6.500</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		6.500	

	230.01	Administración	6.500	
	<b>Total capítulo II</b>			<b>785.400</b>
	Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>	<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>92.900</b>
	482	Bolsas estudantes		34.400
	482.07	Bolsas deportivas	23.400	
	482.11	Bolsas colaboradores	11.000	
483	Actividades deportivas estudantes			27.000
	483.01	Subvencións de activ. Deportivas para alumnado	27.000	
484	Outras subvencións e transferencias			31.500
	484.01	Subvencións asociacións estudantes	31.500	
	<b>Total capítulo IV</b>			<b>92.900</b>
	Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>	<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>			<b>15.000</b>
	625	Mobiliario e equipamento		15.000
	<b>Total capítulo VI</b>			<b>15.000</b>
	<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>893.300</b>

## Orgánica: OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense - Funcional: 211E

Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>424.300</b>
	220		Material de oficina		3.300	
	223		Transportes		28.000	
	226		Gastos diversos		600	
	226.99		Outros gastos	600		
	227		Traballos realizados por outras empresas		72.000	
	227.09		Outros	72.000		
	228		Cursos e conferencias		91.000	
	228.00		Obradoiros	81.000		
	228.02		Conferencias	10.000		
	229		Extensión Universitaria		229.400	
	229.01		Actividades culturais	166.400		
	229.02		Actividades equipos deportivos	63.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>1.400</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		1.400	
	230.01		Administración	1.400		
	<b>Total capítulo II</b>				<b>425.700</b>	
	Capítulo IV. Transferencias correntes					
<b>48</b>	<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>				<b>37.450</b>	
	482		Bolsas estudantes		14.950	
	482.07		Bolsas deportivas	11.250		
	482.11		Bolsas colaboradores	3.700		
483	Actividade deportivas do estudante				4.500	
	483.01		Subvencións actividades deportivas	4.500		
484	Outras subvencións e transferencias				18.000	
	484.01		Subvencións asociacións estudantes	18.000		
	<b>Total capítulo IV</b>				<b>37.450</b>	
	Capítulo VI. Inversións reais					

<b>62</b>		<b>Investimento asoc. ó funcionamento servizos</b>		<b>22.500</b>
	625	Mobiliario e equipamento		22.500
<b>Total capítulo VI</b>				<b>22.500</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>485.650</b>

## Orgánica: PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra - Funcional: 211 E

Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>285.800</b>
	220		Material de oficina		2.300	
	223		Transportes		4.000	
	226		Gastos diversos		4.500	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
		226.99	Outros gastos	3.500		
	227		Traballos realizados por outras empresas		39.000	
		227.09	Outros	39.000		
	228		Cursos e conferencias		57.000	
		228.00	Obradoiros	45.000		
		228.02	Conferencias	12.000		
	229		Extensión Universitaria		179.000	
		229.01	Actividades culturais	125.000		
		229.02	Actividades de equipos deportivos	54.000		
<b>23</b>			Indemnización por razón de servizos			<b>1.500</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		1.500	
		230.01	De administración	1.500		
<b>Total capítulo II</b>						<b>287.300</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>43.300</b>
	482		Bolsas estudantes		23.300	
		482.07	Bolsas deportivas	10.000		
		482.11	Bolsas colaboradores	13.300		
	483		Actividades deportivas para o estudando		18.000	
		483.01	Subvencións actividades deportivas estudantes	18.000		
	484		Outras subvencións e transferencias		2.000	
		484.01	Subvencións asociacións estudantes	2.000		
<b>Total capítulo IV</b>						<b>43.300</b>
			Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>			<b>17.500</b>
	625		Mobiliario e equipamento		17.500	
<b>Total capítulo VI</b>						<b>17.500</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>348.100</b>

## VI. Dotación e mantemento de infraestruturas.

Neste programa é no que se realiza o maior esforzo porcentual (-26,09%) na política de axuste aplicada pola Universidade nas súas contas cara ao exercicio 2011. Desagregase nas seguintes orgánicas:

- 0000 Reitoría/Xerencia.
- 00EP Vicerreitoría de Economía e Planificación.
- 00VI Vicerreitoría de Investigación.
- OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense.
- PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Na orgánica Reitoría/Xerencia que neste exercicio conta 7,02M€, atenderase:

- a) No Capítulo II de Gastos correntes en bens e servizos, recóllense os gastos derivados dos alugueiros (licenzas das TIC's), das actividades de limpeza, seguridade e outros servizos realizados por empresas, así como a reparación e conservación das instalacións e dos equipamentos, incluídos os relativos ás TIC's.
- b) No Capítulo IV, os custos das transferencias ao CIXUG.
- c) No Capítulo VI de investimentos reais, ten continuidade a partida destinada á mellora das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 311V</b>						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>20</b>			<b>Arrendamentos</b>			<b>310.000</b>
	209		Licenzas		310.000	
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>285.000</b>
	213		Maquinaria, instalacións e utensilios		30.000	
	214		De material de transporte		70.000	
	215		De mobiliario e equipamento		185.000	
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>5.542.000</b>
	227		Traballos realizados outras empresas		5.542.000	
		227.00	Limpeza e aseo	4.180.000		
		227.01	Seguridade	810.000		
		227.06	Estudos e traballos técnicos	552.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>6.137.000</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>44</b>			<b>De sociedades mercantís estatais, entidades empresariais e outros organismos</b>			<b>261.650</b>
	444		Convenios Entidades Publicas		261.650	
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>261.650</b>

	Capítulo VI. Investimentos reais		
<b>62</b>		<b>Investimento asociados ao funcionamento dos servizos</b>	<b>573.500</b>
625		Mobiliario e equipamento	573.500
		<b>Total capítulo VI</b>	<b>573.500</b>
		<b>TOTAL CRÉDITOS</b>	<b>6.972.150</b>

No programa da Vicerreitoría de Economía e Planificación, que neste exercicio conta cunha dotación de 5,68M€, desenvolve a súa actividade a través dos subprogramas: laboratorios, xestión do medio ambiente e a sostibilidade, control de accesos e SUMA. Atenderanse fundamentalmente:

- Dende o Capítulo II de Gastos correntes en bens e servizos, os gastos derivados das actividades centralizadas de mantemento, así como das actividades da Unidade Técnica e dos Servizos de Xardinería.
- Dende o Capítulo VI de investimentos reais, os gastos derivados das actividades centralizadas de mellora das infraestruturas e dos equipamentos. Inclúese nesta partida a dotación necesaria para o inicio da construción da Escola Infantil do Campus de Lagoas-Marcosende, así coma a dotación relativa ao Equipamento dos Laboratorios Docentes, esta última cunha dotación de 1,06M€.

## Orgánica: 00EP. Vicerreitoría de Economía e Planificación - Funcional: 311V

Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>750.000</b>
	212		De edificios e outras construcións		550.000	
	213		De maquinaria, instalac. e materiais		150.000	
	215		De mobiliario e equipamento		50.000	
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>747.000</b>
	227		Traballos realizados por outras empresas		747.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	367.000		
		227.09	Outras	380.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>2.500</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		2.500	
		230.01	De administración	2.500		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>1.499.500</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>80.350</b>
	482		Bolsas para estudantes		80.350	
		482.99	Outras bolsas estudantes	80.350		
			<b>Total capítulo IV</b>			<b>80.350</b>
			Capítulo VI. Investimentos reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asociados ao funcionamento dos servizos</b>			<b>4.147.000</b>
	622		Edificios e outras construcións		1.885.000	



623	Maquinaria, instalacións e utensilios	1.025.000
625	Mobiliario e enseres	182.000
626	Equipamento de laboratorios docentes	1.055.000
<b>Total capítulo VI</b>		<b>4.147.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>		<b>5.726.850</b>

Dende o programa da Vicerreitoría de Investigación, que neste exercicio conta cunha dotación de 3,15M€, atenderanse fundamentalmente as seguintes accións:

- Remate das obras do Novo CACTI e do MTI integrados na Cidade tecnolóxica do Campus de Lagoas-Marcosende e do Pavillón de Embarcacións da ECIMAT.
- Inicio das obras do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO).
- Elaboración do proxecto construtivo para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC), agardando ter éxito na captación de recursos externos para iniciar neste exercicio a súa construción.
- Continuar co proceso de dotación de novo equipamento tecnolóxico que, coma no caso do CINBIO, conta con financiamento afectado no remanente da Universidade, o que permitirá no caso de ser necesario incrementar as devanditas dotacións.

## Orgánica: 00VI Vicerreitoría de Investigación - Funcional: 311V

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
<b>62</b>			Capítulo VI. Inversións reais <b>Investimento asociados ao funcionamento dos servizos</b>			<b>3.150.283</b>
	622		Edifícios e construcións		2.884.283	
	623		Maquinaria e equipamento		266.000	
<b>Total capítulo VI</b>						<b>3.150.283</b>
<b>TOTALCRÉDITOS</b>						<b>3.150.283</b>

Dende este programa da Vicerreitoría de Campus de Ourense, que neste exercicio conta con 0,95M€, atenderanse fundamentalmente:

- a) Dende o Capítulo II de Gastos correntes en bens e servizos, os gastos derivados das actividades centralizadas de mantemento.
- b) Dende o Capítulo VI de inversións reais, os gastos derivados das actividades centralizadas de mellora das infraestruturas e dos equipamentos. Inclúese neste apartado a dotación precisa para rematar a obra da Escola Infantil do Campus, para completar a execución das actuacións relativas ao xardín ambiental, para a ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial e para levar a

cabo os traballos de preparación para o inicio das obras do Edificio Administrativo e do Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade no Campus de Ourense.

<b>Orgánica: OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense - Funcional: 311V</b>						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>460.000</b>
	212		De edificios e outras construcións		280.000	
	213		De maquinaria, instalac. e materiais		180.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>460.000</b>
			Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asociados ao funcionamento dos servizos</b>			<b>490.000</b>
	622		Edificios e construcións		430.000	
	625		Mobiliario e equipamento		60.000	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>490.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>950.000</b>

Dende este programa da Vicerreitoría de Campus de Pontevedra, que neste exercicio conta con 0,93M€, atenderanse fundamentalmente:

- Dende o Capítulo II de Gastos correntes en bens e servizos, os gastos derivados das actividades centralizadas de mantemento.
- Dende o Capítulo VI de inversións reais, os gastos derivados das actividades centralizadas de mellora das infraestruturas e dos equipamentos. Inclúese neste apartado a dotación precisa para rematar as actuacións de urbanización do Campus de Pontevedra, para a ampliación da Escola de Fisioterapia, para levar a cabo os traballos de preparación para o inicio das obras do Edificio das Artes e para elaborar o proxecto de acondicionamento do antigo Edificio da ONCE como futura residencia universitaria do Campus de Pontevedra.

<b>Orgánica: PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra - Funcional: 311V</b>						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap.II. Gastos correntes bens e servizos			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>170.000</b>
	212		De edificios e outras construcións		135.000	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		35.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>170.000</b>
			Cap.VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Investimento asociado o funcionamento dos servizos</b>			<b>760.000</b>
	622		Edificios e outras construcións		720.000	
	625		Mobiliario e equipamento		40.000	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>760.000</b>

TOTAL CREDITOS

930.000

## VII. Goberno e administración da universidade.

É neste programa onde se fai o maior esforzo neto (-6,38M€) na política de axuste aplicada pola Universidade nas súas contas cara o exercicio 2011. Parte deste axuste ven imposto pola normativa de aplicación de rango superior con especial incidencia nas retribucións. O programa desagregase nas seguintes orgánicas, atendendo á nova configuración do equipo de goberno:

- 00CS Consello Social.
- 00TG Tribunal de Garantías.
- 0000 Reitoría/Xerencia.
- 00DC Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- 00RI Vicerreitoría de Relacións Internacionais.
- OUR1 Vicerreitoría do Campus de Ourense.
- PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.

Tanto o Consello Social como o Tribunal de Garantías manteñen a súa dotación neste exercicio aos efectos de non minorar a súas capacidades de acción.

<b>Orgánica: 00CS. Consello Social - Funcional: 421S</b>						
Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>245.000</b>
	220		Material de oficina		6.000	
	226		Gastos diversos		117.000	
		226.01	Atencións Protocolarias	25.000		
		226.02	Publicidade e Propaganda	37.000		
		226.09	Cotas organismos	3.000		
		226.99		52.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		90.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	90.000		
	228		Cursos e conferencias		32.000	
		228.02	Conferencias	32.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>46.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		46.000	
		230.01	Administración	24.000		
		230.09	Outras dietas	22.000		
<b>27</b>			<b>Publicacións</b>			<b>45.000</b>
	270		<b>Edicións e publicacións</b>		45.000	
			<b>Total capítulo II</b>			<b>336.000</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins lucro</b>			<b>63.850</b>
	482		Bolsas Estudiantes		23.850	

	482.31	Bolsas do Consello Social	23.850	
484		Outras subvencións e transferencias		40.000
	484.03	Subvencións fundacións	40.000	
<b>Total capítulo IV</b>				<b>63.850</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>399.850</b>

**Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S**

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>22.000</b>
	226		Gastos diversos		2.000	
		226.01	Atencións Protocolarias	1.000		
		226.99	Outros gastos	1.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		20.000	
		227.09	Outros	20.000		
<b>23</b>			Indemnización por razón de servizos			<b>15.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		15.000	
		230.01	De administración	15.000		
<b>Total capítulo II</b>						<b>37.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>37.000</b>

Dende este programa a orgánica Reitoría/Xerencia, que neste exercicio acada os 99,53 M€, desenvólense as seguintes actividades:

- Dende o Capítulo I de Gastos de Persoal, que experimenta unha minoración porcentual do 4,54%, pero que mantén unha dotación 94.823.000 M€, pódese manter a aposta polo noso capital humano en persoal docente e investigador e en persoal de administración e servizos, na procura da mellora da competitividade da Institución, co mantemento dos programas de promoción do profesorado e de contratación de persoal investigador, reforzando as nosas capacidades, así como polo aumento da calidade do servizo, coa consolidación dos proceso de selección de prazas de persoal de administración e servizos.
- Dende o Capítulo II de Gastos correntes en bens e servizos, aténdense os gastos centralizados de diferente carácter: Subministracións, Comunicacións, CIUGA, Servizos Contratados do ámbito das TIC, Invitacións Docentes e outros, entre os que cabe salientar a centralización nesta orgánica de todas as accións relativas a Publicidade e Propaganda da Universidade, que na procura da eficiencia experimenta unha minoración dun -44,27%.
- O Capítulo IV de Transferencias Correntes contén as dotacións necesarias para soste a política de Bolseiros nos eidos da Normalización Lingüística e da Informática dos Centros e para atender os compromisos coas Fundacións ás que pertencemos.

Nesta orgánica tamén se contempla o Fondo de Continxencia e unha dotación para manter a política de anticipos.

Este programa contén dous subprogramas: Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística, que coas súas dotacións dan soporte ás diferentes actividades que se desenvolven dende estes eidos.

<b>Orgánica: 0000. Reitoría/Xerencia - Funcional: 421S</b>						
Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
Capítulo I. Gastos de persoal						
<b>10</b>			<b>Altos cargos e delegados</b>			<b>206.000</b>
	100		Altos cargos		206.000	
<b>11</b>			<b>Persoal eventual</b>			<b>196.000</b>
	110		Retribucións básicas		196.000	
<b>12</b>			<b>Funcionariado</b>			<b>53.100.000</b>
	120		Retribucións básicas		23.600.000	
	121		Retribucións complementarias		29.500.000	
<b>13</b>			<b>Laborais</b>			<b>10.100.000</b>
	130		Laborais fixos		7.050.000	
	131		Laborais eventuais		3.050.000	
<b>14</b>			<b>Outro persoal</b>			<b>18.520.000</b>
	140		Persoal docente e contratado		17.410.000	
		140.00	Contratados docentes	12.950.000		
		140.02	Novas prazas e transformacións	550.000		
		140.06	Persoal investigador subvencionado MEC	1.130.000		
		140.05	Lectores	65.000		
		140.08	Persoal investigador subvencionado XUNTA	2.715.000		
	143		Outro persoal		1.110.000	
		143.01	Persoal técnico financiado subv. Pública	1.110.000		
<b>15</b>			<b>Incentivos ao rendemento</b>			<b>766.000</b>
	150		Produtividade PAS		740.000	
	151		Gratificacións funcionariado PAS		26.000	
<b>16</b>			<b>Cotas prestación e gasto</b>			<b>11.935.000</b>
	160		Cotas Seguridade Social		11.153.500	
	162		Gastos sociais do persoal		781.500	
		162.00	Cursos formación PAS	195.000		
		162.04	Plano de Pensións	235.000		
		162.99	Outros gastos sociais	351.500		
<b>Total capítulo I</b>						<b>94.823.000</b>
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>3.194.800</b>
	220		Material de oficina		230.000	
	221		Subministracións		540.000	
		221.01	De servizos administrativos	540.000		
	222		Comunicacións		450.000	
	223		Transportes		30.000	
	224		Primas de seguros		120.000	
	225		Tributos		10.000	
	226		Gastos diversos		762.000	
		226.01	Atencións protocolarias	27.000		

	226.02	Publicidade e propaganda	300.000	
	226.12	CIUGA	225.000	
	226.03	Xurídico-contencioso	20.000	
	226.99	Outros gastos	190.000	
227		Traballos realizados outras empresas		665.000
	227.06	Estudos e traballos técnicos	355.000	
	227.09	Outros	310.000	
228		Cursos e conferencias		387.800
	228.02	Conferencias	279.000	
	228.08	Conferencias Normalización Lingüística	108.800	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>174.000</b>
230		Axudas de custo e locomoción		115.000
	230.01	Administración	50.000	
	230.03	Concursos de prazas docentes	60.000	
	230.04	Concursos de prazas PAS	5.000	
233		Outras indemnizacións		59.000
	233.00	Asistencia a tribunais de prazas PAS	9.000	
	233.01	Asistencia a tribunais de prazas docentes	28.000	
	233.02	Claustro Xunta Goberno e Comisións	9.000	
	233.03	Xunta persoal docente	1.750	
	233.04	Xunta persoal do funcionario PAS	2.500	
	233.05	Comité PAS laboral	2.500	
	233.06	Comité PDI laboral	1.750	
	233.09	Outras indemnizacións	4.500	
		<b>Total capítulo II</b>		<b>3.368.800</b>
<b>35</b>		<b>Capítulo III. Gastos financeiros</b>		
		<b>Xuros de demora e outros gastos fin.</b>		<b>50.000</b>
	352	Xuros de demora		40.000
	359	Outros gastos financeiros		10.000
		<b>Total capítulo III</b>		<b>50.000</b>
<b>48</b>		<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>		
		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>635.000</b>
	482	Bolsas estudantes		375.000
	482.05	Bolsas de informática centros-PC	315.000	
	482.21	Bolsas de normalización lingüística	30.000	
	482.99	Outras bolsas estudantes	30.000	
484		Outras subvencións e transferencias		260.000
	484.03	Subvención fundacións	260.000	
		<b>Total capítulo IV</b>		<b>635.000</b>
<b>50</b>		<b>Capítulo V. Fondo de Continxencia</b>		
		<b>Fondo de Continxencia</b>		<b>600.000</b>
	500	Fondo de Continxencia		600.000
		<b>Total capítulo V</b>		<b>600.000</b>
<b>83</b>		<b>Capítulo VIII. Activos financeiros</b>		
		<b>Concesión de préstamos fóra sector público</b>		<b>50.000</b>
	830	Préstamos c/p		50.000
	830.08	Familias e instit. sen fins de lucro	50.000	
		<b>Total capítulo VIII</b>		<b>50.000</b>
		<b>TOTAL CRÉDITOS</b>		<b>99.526.800</b>

Na orgánica 00RI Vicerreitoría de Relacións Internacionais residen, conxuntamente coa ORI1, as liñas referidas a xestión e potenciación da Internacionalización da Universidade.

<b>Orgánica: 00RI. Vicerreitoría de Relacións Internacionais - Funcional: 421S</b>						
Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>47.000</b>
	220		Material de oficina		6.000	
	226		Gastos diversos		38.000	
		226.01	Atencións protocolarias	3.000		
		226.99	Gastos diversos	35.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		3.000	
		227.09	Outros	3.000		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>30.000</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		30.000	
		230.01	Administración	30.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>77.000</b>
			Capítulo VI. Inversións reais			
<b>62</b>			<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>			<b>6.000</b>
	625		Mobiliario e equipamento		6.000	
			<b>Total capítulo VI</b>			<b>6.000</b>
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>83.000</b>

Na orgánica 00DC Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade establécense as dotacións precisas para manter e incentivar a política de mellora continua da Universidade. Neste senso contén o subprograma de Innovación Formativa.

<b>Orgánica: 00DC Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade - Funcional: 421S</b>						
Art.º	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>203.000</b>
	220		Material de oficina		6.000	
	226		Gastos diversos		6.000	
		226.99	Gastos diversos	6.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		79.500	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	49.500		
		227.09	Outras	30.000		
	228		Cursos e conferencias		111.500	
		228.01	Cursos	110.000		
		228.02	Conferencias	1.500		
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>7.000</b>
	230		<b>Axudas de custo e locomoción</b>		7.000	
		230.01	De administración	7.000		
			<b>Total capítulo II</b>			<b>210.000</b>
			Capítulo IV. Transferencias correntes			
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen lucro</b>			<b>170.000</b>
	482		Bolsas estudantes		170.000	
		482.16	Bolsas de avaliación docente	110.000		

	482.24	Bolsas dos programas de calidade	60.000	
<b>Total capítulo IV</b>				<b>170.000</b>
Capítulo VI. Inversións reais				
<b>62</b>		<b>Inversión asociada funcionamento servizos</b>		<b>60.000</b>
	625	Mobiliario e equipamento	60.000	
<b>Total capítulo VI</b>				<b>60.000</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>440.000</b>

Na orgánica OUR1 residen as dotacións precisas para manter a política de goberno no Campus de Ourense.

## Orgánica: OUR1. Vicerreitoría do Campus de Ourense - Funcional: 421S

Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>190.000</b>
	220		Material de oficina		10.000	
	221		Subministracións		134.000	
		221.01	De servizos administrativos	134.000		
	222		Comunicacións		3.000	
	226		Gastos diversos		3.000	
		226.01	Atencións protocolarias	3.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		40.000	
		227.09	Outros	40.000		
<b>23</b>			Indemnización por razón de servizos			<b>1.500</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		1.500	
		230.01	De administración	1.500		
<b>Total capítulo II</b>						<b>191.500</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes						
<b>48</b>			<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>85.000</b>
	482		Bolsas estudantes		80.000	
		482.05	Bolsas de informática centros-PC	80.000		
	484		Outras subvencións e transferencias		5.000	
		484.06	Integración de discapacitados	5.000		
<b>Total capítulo IV</b>						<b>85.000</b>
Capítulo VI. Inversións reais						
<b>62</b>			<b>Investimentos asociados ao funcionamento dos servizos</b>			<b>75.700</b>
	622		Edificios e outras construcións		75.700	
<b>Total capítulo VI</b>						<b>75.700</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>352.200</b>

Na orgánica PON1 residen as dotacións precisas para manter a política de goberno no Campus de Pontevedra.

## Orgánica: PON1 Vicerreitoría do Campus de Pontevedra - Funcional: 421S

Art.	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
------	------	---------	-----------------------	---------	------	------



		Cap.II. Gastos correntes bens e servizos	
<b>22</b>		<b>Material, subministracións e outros</b>	<b>97.100</b>
	220	Material de oficina	13.500
	221	Subministracións	57.600
	221.01	De servizos administrativos	57.600
	222	Comunicacións	1.000
	223	Transportes	500
	226	Gastos diversos	3.000
	226.01	Atencións protocolarias	3.000
	227	Traballo realizado outras empresas	21.500
	227.09	Outros	21.500
<b>23</b>		Indemnización por razón de servizos	<b>1.000</b>
	230	Axudas de custo e locomoción	1.000
	230.01	De administración	1.000
<b>Total capítulo II</b>			<b>98.100</b>
		Cap.IV.Transferencias correntes	
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>	<b>50.520</b>
	482	Bolsas estudantes	50.520
	482.05	Bolsas de informática centros-PC	45.120
	482.99	Outras bolsas	5.400
<b>Total capítulo IV</b>			<b>50.520</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>148.620</b>

## RESUMO XERAL CONSOLIDADO DO ORZAMENTO DE GASTOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN ECONOMICA

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Capítulo I. Gastos de persoal			
<b>10</b>			<b>Altos cargos e delegados</b>			<b>206.000</b>
	100		Altos cargos		206.000	
<b>11</b>			<b>Persoal eventual</b>			<b>196.000</b>
	110		Retribucións básicas		196.000	
<b>12</b>			<b>Funcionarios</b>			<b>53.100.000</b>
	120		Retribucións básicas		23.600.000	
	121		Retribucións complementarias		29.500.000	
<b>13</b>			<b>Laborais</b>			<b>10.100.000</b>
	130		Laborais fixos		7.050.000	
	131		Laborais eventuais		3.050.000	
<b>14</b>			<b>Outro persoal</b>			<b>18.520.000</b>
	140		Persoal docente e contratado		17.410.000	
		140.00	Contratados docentes	12.950.000		
		140.02	Novas prazas e transformacións	550.000		
		140.06	Persoal investigador subvencionado – convocatorias MEC	1.130.000		
		140.05	Lectores	65.000		
		140.08	Persoal Investigador subvencionado – convocatorias Xunta	2.715.000		
	143		Outro persoal		1.110.000	
		143.01	Persoal técnico financiado con subvención pública	1.110.000		
<b>15</b>			<b>Incentivos ao rendemento</b>			<b>766.000</b>
	150		Produtividade PAS		740.000	
	151		Gratificacións do funcionariado PAS		26.000	
<b>16</b>			<b>Cotas prestación e gastos sociais a cargo do empregador</b>			<b>11.935.000</b>
	160		Cotas da Seguridade Social		11.153.500	
	162		Gastos sociais do persoal		781.500	
		162.00	Cursos de formación PAS	195.000		
		162.04	Plan de pensións	235.000		
		162.99	Outros gastos sociais	351.500		
			<b>Total Capítulo I</b>			<b>94.823.000</b>
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
<b>20</b>			<b>Arrendamentos</b>			<b>316.668</b>
	202		De edificios e outras construcións		1.668	
	209		Licenzas		315.000	
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>3.116.552</b>
	212		De edificios e outras construcións		1.519.377	
	213		De maquinaria, instalacións e ferramenta		1.223.417	
	214		De material de transporte		70.000	
	215		De mobiliario e equipamento		303.758	
<b>22</b>			<b>Material, subministracións e outros</b>			<b>19.667.380</b>
	220		Material de oficina		802.040	
	221		Subministracións		4.441.472	
		221.01	De servizos administrativos	3.800.244		
		221.02	De docencia	434.228		
		221.23	Medios bibliográficos dixitais	207.000		
	222		Comunicacións		529.728	
	223		Transportes		89.770	
	224		Primas de seguros		120.000	

225	Tributos		10.000	
226	Gastos diversos		2.012.384	
226.01	Atencións protocolarias	280.478		
226.02	Publicidade e propaganda	410.336		
226.03	Xurídico-contencioso	20.000		
226.09	Cotas de organismos	19.850		
226.12	CIUG	225.000		
226.99	Outros gastos	1.056.720		
227	Traballos realizados por outras empresas		7.693.244	
227.00	Limpeza e aseo	4.180.000		
227.01	Seguridade	810.000		
227.06	Estudos e traballos técnicos	1.506.300		
227.09	Outros	1.196.944		
228	Cursos e conferencias		2.953.103	
228.00	Obradoiros	238.500		
228.01	Cursos	110.000		
228.02	Conferencias	2.490.803		
228.07	Cursos de idiomas	5.000		
228.08	Normalización lingüística	108.800		
229	Extensión Universitaria		1.015.639	
229.01	Actividades culturais	487.400		
229.02	Actividades dos equipos deportivos	304.200		
229.03	Delegacións de alumnado	59.040		
229.04	Prácticas de campo	91.199		
229.07	Outras actividades	45.000		
229.10	Voluntariado	28.800		
<b>23</b>	<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>708.236</b>
230	Axudas de custo e locomoción		649.236	
230.01	Administración	317.892		
230.02	Teses de doutoramento	168.000		
230.03	Concursos e habilitacións de prazas docentes	60.000		
230.04	Concursos de prazas PAS	5.000		
230.05	Consellos de departamentos	38.285		
230.06	Desprazamentos dos docentes	38.059		
230.09	Outras axudas de custo	22.000		
233	Outras indemnizacións		59.000	
233.00	Asistencia aos tribunais de prazas PAS	9.000		
233.01	Asistencia aos tribunais de prazas docentes	28.000		
233.02	Claustro da Xunta de Goberno e comisións	9.000		
233.03	Xunta de persoal docente	1.750		
233.04	Xunta de persoal funcionario PAS	2.500		
233.05	Comité PAS laboral	2.500		
233.06	Comité PDI laboral	1.750		
233.09	Outras indemnizacións	4.500		
<b>27</b>	<b>Publicacións</b>			<b>105.000</b>
270	Edicións e publicacións		105.000	
<b>28</b>	<b>Plan de calidade docente</b>			<b>667.200</b>
280	Produción docente		667.200	
280.01	Produción docente dos departamentos	296.000		
280.02	Calidade docente nos centros	371.200		
<b>Total Capítulo II</b>			<b>24.581.036</b>	
Capítulo III. Gastos financeiros				
<b>35</b>	<b>Xuros de demora e outros gastos financeiros</b>			<b>50.000</b>
352	Xuros de demora		40.000	
359	Outros gastos financeiros		10.000	

<b>Total Capítulo III</b>		<b>50.000</b>
Capítulo IV. Transferencias correntes		
<b>44</b>	<b>A sociad. mercant.est.entid.sen fin de lucro etc.</b>	<b>1.331.650</b>
444	Convenios entidades públicas	1.331.650
<b>48</b>	<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>	<b>3.555.049</b>
481	Bolsas formación investigadores e profesorado	620.000
481.01	Bolsas de viaxe	60.000
481.02	Bolsas para estadias	60.000
481.03	Bolsas estadias FPI	500.000
482	Bolsas estudantes	2.214.899
482.01	Comedor	228.150
482.02	Bolsas Terceiro ciclo/Posgrao	500.000
482.05	Bolsas informáticas centros-PC	444.920
482.07	Deportivas	44.650
482.08	Bolsas de apoio a centros de investigación e tecnolóxicos	81.000
482.11	Bolsas colaboradores/as	28.000
482.15	Bolsas de residencias	95.000
482.16	Bolsas de avaliación docente	110.000
482.21	Bolsas de apoio de Normalización Lingüística	30.000
482.24	Bolsas dos programas de calidade CEES	60.000
482.25	Bolsas axudas os estudos	6.000
482.30	Bolsas para mobilidade POP e títulos propios	110.679
482.31	Bolsas do Consello Social	23.850
482.32	Mobilidade Séneca	60.000
482.99	Outras	392.650
483	Actividades deportivas para o alumnado	49.500
483.01	Subvencións de actividades deportivas para alumnado	49.500
484	Outras subvencións e transferencias	670.650
484.01	Subvención asociación alumnado	51.500
484.02	Subvencións transportes	190.000
484.03	Subvención fundacións	300.000
484.04	Subvencións actividades desenvolvemento	3.000
484.06	Subvencións para a integración de discapacitados/as	23.000
484.07	Bolsas excelencia académica	22.000
484.09	Outras	81.150
<b>49</b>	<b>O exterior</b>	<b>2.268.960</b>
492	Bolsas de intercambio	2.268.960
<b>Total Capítulo IV</b>		<b>7.155.659</b>
Capítulo V. Fondo de Continxencia		
<b>50</b>	<b>Fondo de Continxencia</b>	<b>600.000</b>
500	Fondo de Continxencia	600.000
<b>Total capítulo V</b>		<b>600.000</b>
Capítulo VI. Inversións reais		
<b>62</b>	<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>	<b>17.872.658</b>
622	Edificios e outras construcións	11.294.983
623	Maquinaria, instalacións e ferramentas	2.991.000
625	Mobiliario e equipamento	1.581.675
626	Equipamento docente dos laboratorios	1.055.000
628	OIM Biblioteca	950.000
628.02	Fondos bibliográficos	950.000
<b>64</b>	<b>Gastos de investimento de carácter</b>	<b>20.341.500</b>

	<b>inmaterial</b>		
641	Axuda xeral á investigación		2.745.500
641.00	Terceiro ciclo	265.000	
641.01	Gastos de investigación dos departamentos	885.500	
641.02	Axudas a equipos de investigación	780.000	
641.03	Axudas á formación de investigadores	610.000	
641.05	Reunións científicas	50.000	
641.06	Axuda transferencia resultados investigación	155.000	
644	Programa investimentos MEC		2.900.000
645	Programa investimentos XUNTA		7.000.000
646	Programas investimentos cofinanciados		3.800.000
647	Programas investimentos outros organismos		296.000
648	Contratos de investigación		3.600.000
<b>Total Capítulo VI</b>			<b>38.214.158</b>
Capítulo VIII. Activos financeiros			
<b>83</b>	Concesión de préstamos fóra do sector público		<b>50.000</b>
830	Préstamos corto prazo		50.000
830.08	Familias e institucións sen fin de lucro	50.000	
<b>Total Capítulo VIII</b>			<b>50.000</b>
Capítulo IX . Pasivos financeiros			
<b>91</b>	Devolución de préstamos recibidos		<b>2.430.000</b>
911	Devolución de préstamos longo prazo sector público		2.430.000
<b>Total Capítulo IX</b>			<b>2.430.000</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>167.903.853</b>

## **IV NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO ORZAMENTO 2011**

As normas de desenvolvemento que acompañan ao orzamento teñen como obxectivo acadar a correcta xestión do orzamento, do patrimonio e da actividade económico-financeira da Universidade de Vigo. O seu contido refírese á autorización, vinculación e modificación dos créditos, xestión dos gastos de persoal e outros gastos, subvencións, contratación administrativa, xestión do patrimonio e memoria anual.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, das normas que rexen a actividade económico-financeira do sector público de Galicia e estatal e da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

### **TÍTULO I. DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS.**

#### **Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento.**

##### **Artigo 1. Aprobación dos estados de gastos e ingresos da Universidade de Vigo.**

1. Apróbase o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2011 integrado polos estados de gastos e ingresos.
2. Para a execución das actividades da Universidade reflectidas nos programas do seu estado de gastos, apróbanse créditos por un importe de 167.903.853 euros.
3. No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe que as dotacións de crédito para gastar.

##### **Artigo 2. Clasificación dos créditos.**

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar, unha orgánica que informa sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto e unha económica que informa da natureza do mesmo.
2. Os créditos clasifícanse nos programas funcionais seguintes:

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas

421S	Goberno e Administración da Universidade
------	--

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

Código	Denominación
0000	Reitorado/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00TR	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
BUV1	Biblioteca Universitaria
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
OUVI	Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
LLXX	Departamentos

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

Capítulo	Denominación
I	Gastos de persoal
II	Gastos en bens e servizos correntes
III	Gastos financeiros
IV	Transferencias correntes
V	Fondo de Continxencia
VI	Investimentos reais
VIII	Activos financeiros
IX	Pasivos financeiros

## Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios.

### **Artigo 3. Especialidade dos créditos.**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para á que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

### **Artigo 4. Vinculación dos créditos.**

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo I, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150, 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo II, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

226.01. Atencións protocolarias.

226.02. Publicidade e propaganda.

229.03. Delegación de alumnado.

230.06. Desprazamentos docentes.

230.07. Axudas para mobilidade MEC, XUNTA, que recollerá axudas para mobilidade de estudantes e profesores financiadas con achegas do Ministerio de Educación e Ciencia e da Xunta de Galicia.

233.03. Xunta de persoal docente e investigador.

233.04. Xunta de persoal de administración e servizos.

233.05. Comités de empresa de persoal de administración e servizos.

233.06. Comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo VI, os créditos destinados a equipamento de laboratorios docentes (626), e os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Non entanto, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. Non se poden adquirir compromisos de gastos por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

### **Artigo 5. Distribución dos créditos.**

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. Poderán crearse novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, os cales poderán ser dotados mediante redistribución de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

### **Artigo 6. Fondo de Continxencia.**

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da Universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 "Fondo de Continxencia". Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliables ou transferencias de crédito.



2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, poderá ser dotado con xeracións de crédito por unha maior recadación de ingresos non finalistas, por retencións noutros créditos ou con remanente non afectado de tesourería, neste último caso precisará autorización previa do Consello de Goberno.

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia trala instrución do oportuno expediente. Para a dotación e utilización do fondo deberá xustificarse respectivamente as fontes de financiamento do mesmo e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia dará conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

## **Artigo 7. Principios xerais nas modificacións de créditos.**

1. Son modificacións de crédito as variacións que poden autorizarse nos créditos que financian o estado de gastos para adecualos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo administrador de centro/ámbito/campus, director, xefe do servizo ou vicexerente, o cal conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto como, no seu caso, a suspensión da actuación inicialmente prevista e a repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os programas e conceptos afectados co maior nivel de detalle, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.

## **Artigo 8. Xeracións de crédito.**

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da Universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos.

Tamén poderán xerar crédito:

- a) O alleamento de bens patrimoniais da Universidade.
- b) A prestación de servizos.
- c) O reembolso de empréstitos.
- d) O crédito do exterior para investimentos.
- e) O mecenado.

2. De existir partida dotada no orzamento inicial, os anteditos ingresos darán lugar á tramitación dun expediente de ampliación de créditos, sempre que se superen as previsións orzamentarias ou se xustifique a súa non inclusión nas mesmas.

3. No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orzamentaria específica, se fose o caso. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia dará conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

## **Artigo 9. Créditos ampliáveis.**

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliáveis os créditos seguintes:

- Os destinados ao pago das cotizacións á Seguridade Social.
- Os destinados ao pago de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade.
- Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.
- Os destinados a atender as obrigas contidas nas aplicacións económicas: 230.02 “Tese de doutoramento”, 230.03 “Concursos e habilitacións de prazas docentes”, 230.04 “Concursos de prazas PAS”, 233.00 “Asistencia aos tribunais de prazas PAS”, 233.01 “Asistencia aos tribunais de prazas docentes” e 359 “Outros gastos financeiros”.

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento de dita ampliación, distinguindo se o mesmo se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesourería. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

## **Artigo 10. Transferencias de crédito**

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, é dicir, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ha de garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- a) Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- b) Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- d) Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.
- e) Non poderán minorarse créditos ampliáveis.

3. Así mesmo, non poden minorarse mediante transferencia as dotacións do subconcepto 230.06 asignada a cada departamento. Non poden incrementarse os créditos do subconcepto 641.01 asignado ao programa de gastos de departamentos mediante transferencias dende outros conceptos do mesmo programa, nin as dotacións dos subconceptos 226.01, 280.01 e 280.02 con independencia do programa afectado.

4. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

- a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.

b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).

c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b).

## **Artigo 11. Redistribucións de crédito**

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos serán consideradas redistribucións de crédito e non transferencias de crédito sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica.

2. No referente a proxectos de investigación a redistribución poderá realizarse aos diferentes subconceptos que reflicten os diferentes tipos de axudas.

3. As redistribucións de crédito serán ordenadas polo Xerente, a proposta do vicerreitor correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegar aos administradores de centros/campus e xefes de servizo afectados, copia dos acordos de distribución.

## **Artigo 12. Contratos-programa con grupos de investigación.**

1. A Xerencia, a proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un contrato-programa.

A autorización poderá vir acompañada do rexistro como centro de gasto do grupo de investigación, caso no que se lle asignarán os créditos de gasto necesarios para desenvolver o contrato-programa, os proxectos e actividades financiadas con axudas externas e internas e os contratos de I+D con empresas e institucións.

2. O contrato-programa poderá ter unha duración máxima de tres anos podendo ser prorrogado, ata un máximo da duración inicial prevista.

3. As actividades previstas nos contratos-programa poderán ser financiadas mediante axudas propias da Universidade, recursos libres xerados por contratos de I+D con empresas e institucións e proxectos europeos, transferencias desde departamentos e calquera outro recurso, interno ou externo, que non implique un proxecto con aplicacións orzamentarias específicas. En todo caso, este financiamento efectuarase de acordo co establecido na normativa vixente da universidade.

4. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

## **Artigo 13. Imputación de obrigas**

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.
  - b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores e especialmente as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último trimestre do ano anterior.
  - c) As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.
3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

## **Artigo 14. Remanentes de crédito.**

1. Son remanentes específicos os saldos dos créditos a 31 de decembro correspondentes a:

- a) Operacións correntes e de capital que acaden a fase D.
- b) Créditos financiados con contribucións específicas, sempre que a actividade financiada se manteña no exercicio seguinte.

2. Para a incorporación de créditos no suposto a) será necesaria a expedición dun certificado de existencia de crédito e para a incorporación de créditos no suposto b), estarase ó disposto pola entidade financiadora como data de finalización da acción financiada, que será a data límite para esta incorporación.

3. Excepcionalmente, o reitor poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes á dotación de laboratorios docentes e produción científica do exercicio orzamentario corrente, previa petición acompañada da memoria xustificativa da necesidade da incorporación. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

4. Os créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas nos contratos-programa mencionados no artigo 12 serán incorporables mentres se manteña vixente o contrato-programa do grupo de investigación. Poderán comprometerse gastos plurianuais dentro do período de vixencia do contrato-programa sempre que exista unha resolución expresa de compromiso de financiamento ou se asegure o financiamento mediante unha retención de non dispoñibilidade para a posterior incorporación do crédito en exercicios futuros.

5. O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

## **TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL**

### **Artigo 15. Custos de persoal**

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia.

Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, segundo a Lei orzamentaria.

2. Cando se produzan baixas nas escalas que hai que extinguir nos cadros de persoal de administración e servizos funcionario ou laboral, procederase á readaptación dos cadros de persoal correspondentes e dos créditos a eles asignados, mediante as oportunas transferencias de crédito entre conceptos dos artigos 12 e 13.

3. Poderanse abrir partidas orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios con financiamento externo.

Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios subscritos ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente.

4. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e departamentos respectivamente non se poden realizar contratacións de persoal.

## TÍTULO III. SUBVENCIONS.

### Artigo 16. Achegas a fundacións.

1. En aplicación do disposto nos artigos 22.2, apartado a) da Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións e 19.4, apartado a, da Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia, quedan autorizadas no exercicio 2011 as seguintes achegas directas a fundacións:

Entidade	Importe
Fundación Universidade de Vigo - FUVI	200.000,00
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal	4.000,00
Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia - CTAG	11.600,00
Museo do Pobo Galego	1.202,02
Energylab	30.000,00

2. Dentro dos límites do crédito orzado na aplicación 0000 421S 484, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades, deban ser aprobadas polo Consello Social.

## TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

### Artigo 17. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa.

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a Lei de contratos do sector público cumprirá informe previo do Director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais.
2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

## **Artigo 18. Medidas de racionalización da técnica da contratación.**

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a Universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.
2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a Universidade previa a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

## **Artigo 19. Outras normas en relación á tramitación de expedientes.**

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.
2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente con cargo a créditos do exercicio corrente.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a xustificación do propoñente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

## **Artigo 20. As actas de recepción**

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, facultativos encargados da dirección da obra, facultativo designado polo reitor, o xerente e, facultativamente, o xefe de Servizo de Control Interno.
2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do xerente, contratista, das persoas autorizadas en razón da súa

competencia nos créditos do centros de gasto e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Facultativamente, irá asinada polo xefe de Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante dilixencia sobre a factura ou documento xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

## **TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO.**

### **Artigo 21. Dos bens mobles inventariables.**

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 600 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, canons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.

### **Artigo 22. Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.**

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, no que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Cando o importe sexa inferior a 6.000 euros, a autorización do expediente corresponderá ao reitor e se é superior a esa contía corresponderalle ao Consello Social.

### **Artigo 23. Actualización do valor contable patrimonial.**

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro de 2011 do valor contable do inventario da Universidade.

## **TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL.**

### **Artigo 24. Elaboración da memoria.**

1. Os decanos, directores de escola, directores de departamento e os coordinadores de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores de centro, ámbito ou campus elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga terana os vicerreitores e a Xerencia, así como os responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte, como anexo, da memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Vicerreitoría de Economía e Planificación e a Xerencia baixo a dirección do Reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das modificacións do mesmo, así como una descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o contido e formato das mesmas.

## **TÍTULO VII. ESPECIFICIDADES DA XESTIÓN DOS GASTOS**

### **Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias**

#### **Artigo 25. Créditos para centros**

Os créditos do programa de centros inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento das facultades e escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II.
- b) As dotacións para o desenvolvemento das novas titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo II.
- c) As dotacións por calidade docente que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

#### **Artigo 26. Calidade docente**

